

VOLTA A ESPAÑA A PÉ

De Marzo a Xullo de 1987

MANUEL SILVA PEREIRA

Comentarios e notas de Rafael Somoza

Traducción de MANUEL-ORESTE R. L

Autor da portada: XAN AMIL

Edita: Asociación Cultural Xermolos.

Imprime: EL PROGRESO DE LUGO S.L. (Artes Gráficas).

ISBN: 84-404-6476-2

Depósito Legal: LU-146-1990

PRÓLOGO

"As pernas son as ás do corazón, tamén o calendario do corazón e, con dúas pernas, unha tras doutra e decididas, un home é quen de patear-lo mundo dunha banda a outra banda, de se come-lo mundo polos pés".

Quen di isto é outro viaxeiro ilustre, galego tamén coma Manolo Silva: Camilo José Cela. O dito fragmento está escolmado do seu libro "Viaje al Pirineo de Lérida".

O protagonista desta volta a España encaixa, con seguridade, na definición de Cela.

O insigne Claudio Sánchez Albornoz, sulina: "Os estranxeiros de onte e os de hoxe, que viaxaron por España, falan a miúdo do deserto español".

O noso protagonista Manolo Silva, quizais confirme esta opinión só a medias; aínda que cruzou na súa viaxe bisbarras tan deprimidas coma Os Monegros zaragozanos ou os Campos de Níjar almerienses, entre outras comarcas; as ás que levaba no corazón impediron que compartira tal comentario pexorativo do profesor Sánchez Albornoz.

É o mesmo Camilo José Cela, quen sinala, no libro devandito, que "rodar, non a salto de mata coma a bolina da ruleta, senón con boa ciencia e mellor paciencia de corpo celeste e aventureiro que cumpre a súa órbita aínda que a descoñeza, é o premio dos teimudos para non deixar que a ferruxe se meta nas caravillas e demais ferriños da alma. E algo é algo, se con boas inclinacións, se sabe aproveitar". É por iso que o viaxeiro Silva, fuxindo dos óxidos, aventúrase España adiante na procura de novos aires e ventos que lle ventilen os recantos do cerebro; que lle osixenen as paredes da alma e, que lle permitan engraxar esa alma á que Cela se refire. Pero un dos grandes méritos deste peregrino a escala nacional, como é Silva, permitiuse o gran desafío: nestes tempos en que se vive de présa, que se fai todo de présa e ata se morre de présa, deu un golpe de estado na concepción que temos das nosas existencias; fixo a meirande apoloxía da tranquilidade, da pausa, do consumo lento do tempo. Decía o escritor Santos Chocano: "Quen vive de présa, non vive realmente: Quen non bota raíces non pode dar froitos". Gran verdade, que Manolo Silva afianzou coa súa viaxe.

Non deu a volta a España nun fórmula un, nin nun turismo normal, nin tan sequera en bicicleta. A golpe de pés, permitiuse o, hoxe en día, luxo de rodear España en 150 días, cando en avión se podería facer en 150 minutos. ¿Quen non lembra os homes grises da novela Morno, de Michael Ende, "Ladrones de tiempo"? Silva marcou un fito: o tempo só ten un valor moi relativo. Cando se dispón del pode ser un ben moi precioso; cando non se dispón del, escraviza ás persoas.

Pero é que desmitificou, polo contrario, nada menos que a ficción de Julio Verne na súa famosa novela "La vuelta al mundo en ochenta días". ¿Por que tanta présa? ¡Non por moito madrugar clarea antes o día!

Nun artigo sobre as présas, escrito por quen suscribe este prólogo, empezase dicindo: "Coido que se na sociedade actual existe algo realmente dramático, non é nin o cáncer nin a declaración da renda. Se algo hai que escraviza á persoa humana, dun xeito terrorífico, na sociedade do século XX, son as présas", para logo engadir: "¡Que tristura comprobar as présas das xentes, nun aloucado e incesante trafego, coma se foran formigas ou directores xerais"!

Manolo Silva esborrallou as ideas cerradas de infinidade de persoas. Arrombou coa poeira dos teitos das cabezas dos que pensaban que tamaña aventura era propia dun tolo ou dun retardado mental, dos que coidaban que á volta da primeira esquina voltaría á casa, dos que o coidaban un excéntrico que ía facer unha viaxe a ningures, sen posibilidade de éxito.

Esta viaxe fíxose circundando España como Deus manda: por toda a costa e, máis tarde, paralelamente á fronteira portuguesa. ¡Non coma os ciclistas da volta a España que recórtana ata convertila en media volta! E falando de Deus: ¡non seguiu a pé ata as Baleares, por medo a que o tomaran por un competidor da sagrada figura dos Evanxelos, que camiñaba por riba das augas! E proba de que os seus folgos e as súas forzas eran sobrados témola no feito de que ata se entretivo en entrar en Xibraltar que, como todos sabemos, polo de agora, non é territorio español.

Estes azos, estes desexos, estes afáns do protagonista foron compartidos por numerosas persoas, que —sen o empeño nin a moral de Manolo Silva— non dubidaron facer grandes proclamas a prol das viaxes. O excelente humorista galego, Wenceslao Fernández Flórez, no artigo "Los viajes", na súa obra "Las gafas del diablo", di, referíndose ós mesmos: "Sempre tiven unha grande afección polas viaxes. Coma tódolos homes da beiramar, considero o acougo unha intranquilidade, e fun, durante moito tempo, vítima desta ansia que move a un a ir a cotío dunha cidade a outra, sobre os carrís relucentes ou sobre as augas misteriosas, agardando o intre dunha nova emoción".

E foi outro coñecido humorista, igualmente galego, quen fixo unha importante aportación ó tema de viaxar e dos medios de locomoción: Xulio Camba, que no seu libro "Sobre casi todo", e no artigo titulado "Sobre los automovilistas y los peatones", di textualmente: ¡Ditosa idade na que, para andar, lle abonda ó home ir poñendo sucesivamente unha perna diante da outra!. Entón o peatón, a semellanza do poeta, nacía e non se facía. Un automóbil atropellábao a vostede, ponamos por caso, e mentres os gardas lle pedían ó chófer, a vostede ninguén lle pedía cousa, supoñéndoo un peatón nato, ou ben recoñecéndoo tal peatón morto".

Tanto Fernández Flórez, para quen o acougo é unha intranquilidade, coma para Xulio Camba, que senté nostalxia de tempos pasados cando o andar era unha cousa sinxela, afirman o que realizou nesta peregrinación por España o Manolo Silva: ¡viaxar e facelo andando!

Como se irá vendo coa lectura do diario escrito ó longo da viaxe, o peregrino sofre nas carnes o que ámbolos autores sinalan. O viaxeiro non se limita "só" a da-la volta a España a pé, senón que —en ocasións e tras unha xornada de 30 ou 35 Kms.—, para evita-lo desacougo de permanecer ocioso e pasivo, vai ás discotecas e chega incluso a facer ximnasia; asiste a conferencias de medicina deportiva, acude a concertos de piano...

Dos apuntes que fai Xulio Camba, tamén ten cumprida experiencia. Ás veces ten que andar por carreteras sen o máis mínimo arcén, (pasan camións a escasos centímetros do seu corpo, etc.) pero ten a súa xusta xustificación: a Garda Civil non o detén para múltalo, senón que se para diante del e regálalle un exemplar dun xornal que publica un artigo sobre a súa viaxe. ¡¡¡Para que logo algunhas mentes retorcidas falen mal da Benemérita!!!

O diario escrito por Manolo Silva, ó longo da viaxe, admite diferentes lecturas, como se terá ocasión de apreciar. Ten tal riqueza, que é coma unha caixa de xastre, na que colle todo. Neste senso é oportuno cita-lo famoso libro de George Borrow "La Biblia en España" que, para quen non o

leu, trátase dun libro das experiencias vividas no noso país por Borrow, que se desprazou dende Inglaterra a España, por conta da Sociedade Bíblica británica co fin de espalla-lo Novo Testamento. Os moitos incidentes que sofre, o interese de moitos casos, a sensibilidade de Borrow pola paisaxe, etc., fan deste libro un auténtico retábulo que admite unha diversa lectura.

No diario de Silva, ofrécese algo semellante. As descripcións paisaxísticas, a plasmación puntual no papel do estado de ánimo do viaxeiro, as matinacións, os relatos de canto lle vai acontecendo, as variadas referencias ás características de cada anaco de terra que pisa, etc., asegundan a afirmación de que estamos ante un mosaico no que se xungen variados enfoques. Incluso a reiteración na resolución de atrancos domésticos (pousada, xantar, visitas, etc.) forman parte do contexto xeral. A preocupación por tales pormenores convén situala no seu punto: é unha persoa que ten que loitar, só, durante case 150 días, contra case 4.500 Kms. O descanso e o equilibrio síquico son fundamentais, así como o sistema alimenticio. Pero hai un elemento —no marco destas diferencias, sobre as lecturas que admite o seu diario—, que se debe suliñar. É o reflexo das características do cidadán español, diferentes uns dos outros segundo as rexións, pero —ó mesmo tempo— con puntos comúns. Como exemplo destacaría que na maior parte das ocasións en que o viaxeiro pretende entrevistarse co alcalde dunha poboación, case nunca o consegue. O alcalde está de viaxe, o alcalde non chega ata a unha da tarde, o alcalde ten unha xuntanza, o alcalde non vén hoxe; son algúns dos comentarios que recibe o viaxeiro. É indiferente que se trate dun concello dunha gran cidade ou dun pobo pequeno. O alcalde ten abondo con ser alcalde. A administración española é homoxénea, coma o Partenón grego sen diferencias de actitudes. ¡Como debe ser!. ¿Onde nos levaría que os alcaldes estivesen nas alcaldías?. ¿Que pasaría se uns estivesen e outros non, ou que uns entrasen no seu despacho ás oito da maná, e outros ó mediodía?. Sucedería que os administrados estarían desorientados, que ollarían ós alcaldes coma a pobres parias que teñen que gaña-lo seu pan coma calquera fillo de vecino, que se darían inxusticias ó traballar, uns 40 horas semanais e outros 8 ou 10. O alcalde é o que debe ser: o noso anxo da garda, ó que non vemos, pero sabemos que existe. O alcalde é a nosa doce compañía que non nos deixa sos nin de noite nin de día. ¡O alcalde ten que ser! ¡o alcalde non ten que estar!.

En todo caso débese convir nunha cousa: calquera feito, calquera acontecemento que se aparte dos parámetros nos que se sitúa a normalidade, fai nacer nun a curiosidade, o interese, e incluso, o respecto. Cando este último elemento, o respecto, non existe, é que algo ocorre.

A envexa, quizabes a incompreensión ou a rixidez mental, que empece a comprensión e fai aflorar á superficie a indiferencia, é nai da falta de respecto. E digo isto porque nunha viaxe das características da que fixo Manolo Silva, algo houbo disto.

Vén a miña mente —para os amantes de aventuras tan insólitas e meritorias coma esta— un libro publicado en España no ano 1983 por Muchnik Editores, "Los autonautas de la cosmopista", escrito por Julio Cortázar, o celebrado autor arxentino, e a súa dona, Carol Dunlop. Transcribo a seguido un anaco da carta que Cortázar mandou ó director da sociedade de autopistas francesas: "Xunto coa miña dona, igualmente escritora, estudiamos a posibilidade dunha "expedición", un tanto aloucada e bastante surrealista, que consistiría en recorrer a autopista entre París e Marsella a bordo do noso Volkswagen Combi, equipado con todo o necesario, deténdonos nos 65 paradeiros da autopista a razón de dous por día, é dicir, empregando algo máis dun mes para cumpri-lo traxecto París-Marsella sen saír xamáis da autopista (...).

O único problema é que, segundo cremos saber, un vehículo non pode estar máis de dous días na autopista, e por esa razón dirixímonos a vostede para pedirlle a autorización que, chegado o momento, evitaríanos atrancos nas diferentes peaxes".

Cortázar recibiu a calada por resposta, pese a que, tempo atrás, esta sociedade de autopistas foi autorizada polo seu autor, para publicar algunhas pasaxes do conto titulado "La autopista del sur".

Rendamos unha homenaxe a estas persoas que, sen ánimos lucrativos ou intencións sinuosas, son quen de inventar estímulos onde aparenta non os haber. A estas persoas para quen o viaxar é un manantío de benestar, a elas vai adicado este poema:

RITUAL DE MIS PIERNAS

En mis pies cosquiellosos,
y duros como el sol, y abiertos como flores,
y perpetuos, magníficos soldados
en la guerra gris del espacio,
todo termina, la vida termina definitivamente en mis pies
lo extranjero y lo hostil allí comienza:
los nombres del mundo, lo fronterizo y lo remoto,
lo sustantivo y lo adjetivo que no caben en mi corazón
con fría y densa constancia allí se originan.

(Rafael Alberti, en su obra

"Residencia en la tierra")

O VIAXEIRO E O SEU ENTORNO

Nace Manuel Silva Pereira un 5 de Febreiro de 1.963 na localidade luguesa de Guitiriz. Este pobo está situado ó longo da estrada nacional VI Madrid-A Coruña, entre Lugo (36 Kms.) e A Coruña (55 Kms.), a unha distancia de 75 Kms. de Santiago de Compostela. A súa situación xeográfica no mapa de Galicia é envexable. As súas comunicacións por estradas e por vía férrea, tamén o son. A costa de Lugo encóntrase, soamente, a unha hora escasa de viaxe, onde pode un admira-la maravillosa ría de "O Barqueiro" e "A Estaca de Bares". Se se segue pola nacional VI, e tan só a 35 Kms., atópase Betanzos, un dos pobos galegos máis fermosos, e a poucos Kms. deste encóntrase unha zona de praias, tales coma Miño ou Pontedeume.

Pero o pobo de Guitiriz, a 450 mts. de altitude e limitado polas serras de A Loba e Coba da Serpe, que na actualidade viu desgaxada a súa poboación de dez mil habitantes a penas a metade, ten —ou, máis ben, tivo— os seus propios estímulos. Sen esquencer que se encontra situado a tan só 25 Kms. dun dos mosteiros españois (cistercienses), máis belos, o de Sobrado dos Monxes; e preto da capitalidade do partido xudicial, Vilalba, pobo famoso polos seus capóns e pola súa fortaleza de base octogonal do século XIV —hoxe parador de turismo—.

O pobo de Guitiriz, dicíamos, tivo unha gran puxanza ó ter no seu termo municipal dous balnearios, de augas minero-medicinais, que gozaron sempre dun gran prestixio, e a onde acudían, en tempos pasados, miles de persoas, que gozaban non só das propiedades de tales augas, senón —entre outras cousas— dos extraordinarios xardíns de ámbolos balnearios; da famosa torta de millo; da paisaxe natural de Os Sete Muíños, un río de auga fría elimpa, no medio dunha zona de bosque; e dunha chea de diversións para a mocidade que facían do pobo un dos máis concurridos da provincia de Lugo.

Na actualidade, o pobo é unha pantasma que se mira, indiferente, no espello da negligencia e do desdeseo. As cabezas pensantes do pobo deixaron fuxir das mans tan rico caudal de estímulos; primeiro, unha tala monstruosa das enormes árbores que daban sombra á estrada, e, logo unha pasividade total, fixeron que os visitantes foran cada vez a menos. As instalacións dos balnearios foron pouco a pouco, coma as cabezas pensantes, estragándose ata chegar, no colmo da xenialidade, a intentar vender un deles a unha firma xaponesa.

Concertouse unha visita ó balneario un día de Xaneiro, no que caían chuzos de punta e os terreos circundantes tiñan medio metro de auga, e os xaponeses decidiron de saír fuxindo, quizais pensando que a auga débese tomar en vasos pero sen necesidade de morrer afogados no medio da treboada.

Este é o pobo do protagonista desta volta a España a pé. Un pobo sen árbores, semellante a un do "far west"; sen ideas, sen iniciativas, onde na actualidade faise difícil vivir, ¡tan alonxado (¡ai!) de tempos recuados cando era un auténtico recreo residir nel! Un pobo que seguiu de cheo aquela sentenza de Castelao: "En Galicia non se pide nada. Emígrase".

Manuel Silva, vecino de Pardiñas, agregado a Guitiriz, sede dun dos balnearios, intenta romper esta tendencia e adestra ó equipo de fútbol do pobo, de Primeira Rexional, e intégrase na asociación cultural "Xermolos" para fomentar unha serie de actividades. Pero atópase coa

mesquindade dos munícipes e coa desidia do ambiente e opta por botarse ó monte. Primeiro dando a volta a España a pé, e, logo, marchándose para Barcelona, onde reside na actualidade.

Pero se o seu entorno social é hostil, o seu entorno familiar aínda é máis difícil; por unha serie de circunstancias. Nun breve espacio de tempo, ten que soportar uns acontecementos durísimos, que decídeno, sen dúbida, a se plantexar opcións radicais para non se deixar levar polo curso duns feitos en absoluto favorables. No medio desta voráxine é cando empeza a plantexarse a realización da fazaña hoxe coñecida xa por moitos: a volta a España a pé.

Unha viaxe na que se suman plantexamentos varios: afán deportivo, interese pola aventura, desexo de coñecer novos lugares e novas xentes, e —sobre todo— o reto. Un desafío que pasa por evitar a ferruxe tanto física, como sobre todo, mental.

O reto ó destino, que lle manda os peores tronos. E a loita por algo importante: a superación das circunstancias, das que tanto falou Ortega y Gasset.

Con tales e tantos factores negativos, necesariamente resultará apaixoante a lectura das experiencias vividas por Manuel Silva ó longo de 4.500 Kms. pola xeografía española, e ó amplo de case cinco meses de camiñar, en aberto antagonismo cos modernos astronautas.

Rafael Somoza

NOTA EXPLICATIVA

Manolo Silva escribiu, ó longo da viaxe, uns cadernos nos que anotaba a diario os acontecementos da xornada. A xeito de diario escribiu cinco cadernos, que serviron de base para facer este traballo. Tratábase, pois, de lle dar forma, moldealo, suprimir as partes repetitivas e procurar un nó de unión para darlle fluidez á súa posterior lectura.

As repeticións que se omitiron son aquelas nas que se fai alusión, maioritariamente, á hora de emprende-la marcha e á visita ós concellos: O viaxeiro erguíase a unha hora que variaba entre as cinco ou as seis da mañá; en canto ó segundo punto, concellos, non hai que esquecer que os organizadores mandábanlle información dende Ferrol ás respectivas oficinas de correos dos lugares polos que pasaba, a fin de que foran entregados en diferentes concellos do percorrido; en ámbolos casos, e ó se tratar dun diario, quedaban reflexados nel estes pormenores, que, insistimos, preferiuse omitir polas causas xa apuntadas.

Outro problema, era o que plantexaba a sucesión na narración. Esta cuestión tratouse de forma tal que non se producirán cortes bruscos na mesma, e escolleuse o xeito de que a conexión se producese empregando o verbo en terceira persoa, entre uns párrafos e os outros, deixando estes inalterables, tal e como os escribiu Silva. Escolleuse este método copiándoo da voz en off que aparece en determinadas películas de cine, que serve como fío conductor da trama argumental.

Polo respecto que producían os manuscritos do viaxeiro e a fin de eliminar pasaxes superfluas, quíxose salvar estas últimas cos puntos suspensivos entre paréntese (...), que indican, ou ben fragmentos que foron suprimidos, ou ben o paso dun día de viaxe a outro.

As partes que aparecen en terceira persoa e que, a modo de cuña, ganduxan os diferentes textos escritos polo viaxeiro, procuraron ser o máis breves posibles, para non restar protagonismo ó auténtico heroi de tan insólita viaxe.

Por último, e a fin de facilitar a fragmentación da viaxe en 148 partes que, á vez, foron os días que durou a viaxe, no índice do presente traballo, confeccionouse o mesmo conservando a división que o viaxeiro fixera. É dicir, nos cinco cadernos manuscritos, que corresponden ás cinco partes nas que se dividiu o dito índice. Ó mesmo tempo, e para unha máis doada localización, subdividiuse tendo en conta o momento en que o viaxeiro abandonaba unha rexión ou Comunidade Autónoma para pasar a outra.

Foi isto, en suma, un traballos labor de montaxe no que esperamos que se conserve o interese e a fidelidade ó texto escrito polo Manolo Silva nestes 4.500 Kms. de tránsito do viaxeiro por toda a xeografía española. Se se conseguiu, todo o mérito correspóndelle a Manolo Silva.

Barcelona, 26 de Novembro de 1988

Rafael Somoza

PRIMEIRO CADERNO MANUSCRITO

Ferrol. 1 de Marzo de 1987. — Saída

"Á nosa saída acuden, amais de familiares do Félix e amigos, o Sr. Alcalde, Xaime Quintanilla, así como distintos medios de comunicación. Ás once emprendemos a marcha cara a praza de España, pasando pola estrada de As Pías, seguidos de amigos e familiares. Á nosa chegada ó concello de Fene, agárdanos o alcalde e o concellal de Deportes. Tras unha invitación e despedida dos amigos e autoridades locais, reemprendémo-la marcha cara Pontesdeume, onde —ás 15,45 h.— non hai ninguén esperándonos. ¡Que ben se descansa despois de ter traballado! (...) Xa á saída de Betanzos (onde a xente parece non ter tomado conciencia do que estamos a facer, xa non hai máis que estrañeza ó noso paso) paramos a comer en Ois. Á nosa saída deste pobo acompañanos unha choiva fina que, logo, ó empezar a subir a Costa do Sal, convídese en néboa. Preto da fonte que hai ó final, escoitamo-las bucinas e os destelos dun vehículo que nos anima cos seus berros. Resultan ser duns amigos de Guitiriz: Paco Renega, Carlos o de Adelaida e Santi. A nosa ledicia é enorme ó sabermos que a xente está con nós. Tras beber auga na fonte, Carlos e Santi acompañannos andando, entre a mesta néboa, ata o hostel onde pasamo-la noite, (...) No cruce de Pardiñas facemos un alto para ir visitar a miña nai na casa.

¡Cal non sería a miña sorpresa cando ó nos achegar á estrada do balneario vin sentada nunha pedra unha señora de pelo canoso, e, ó acercarnos, recoñecín a miña nai que, co meu sobriño, xa levaban un bo anaco agardando a nosa chegada!. Chámoa e ela vólvese chorando e abrázase ó amigo Félix mentres lle dou unha aperta ó meu sobriño Rubén. Tras unha breve pausa, continuamos ata Guitiriz.

Ó tempo que avanzamos, os seguidores medran en número e os aplausos e vivas déixanse oír con maior intensidade. Despois de ser recibido polo alcalde imos á casa da miña madriña, onde, cos pés metidos en auga con sal, aproveitamos para facer unha fotografía con toda a familia. Comemos filloas e orellas de porco, adobadas con viño, e logo antóxaseme tomar champán.

Ledos e a gusto escoitamos os berros dos rapaces, que berrán "¡Manolo!", ó tempo que por megafonía animan a nosa chegada e animan á xente que nos acompañaría deica a saída do pobo. As dúas da tarde saímos da casa e cal non sería a nosa sorpresa, ó nos atopar cun verdadeiro entroido, que nos agarda á porta. Pequenos, maiores, señoras, etc., disfrazados uns, e outros non, recíbennos con aplausos, mentres soan as gaitas. Saúdos, apertas de mans, bicos e aplausos enchen paso a paso os nosos corazóns, e no final do pobo énos difícil aguantar as bágoas da emoción que nos embarga.

Somos despedidos cunha muiñeira polos grupos de Xermolos organizadores do recibemento. Polas cinco da tarde, despois de xantar nun restaurante da estrada, en La Moscosa, partimos cara Baamonde. Perante o recorrido saúdannos os automobilistas, aínda que algún fíxonos o aceno de que estábamos tolos, poñendo os dedos a altura das tempas. Despois dun alto en Baamonde, para parolar coa xente que se amontoaba ó noso redor, e que nos facía preguntas sobre a viaxe, emprendemos a marcha ata o final da etapa, camiñando xa de noite, por ternos detido no noso pobo moito tempo. Aínda que ¡mereceu a pena! (...) Empezan a preocuparme os continos cabreos e disputas que hai entre nós. Non acado comprende-lo motivo polo que, a cada paso, se enfada o Félix".

É de suliñar que, xa dende o primeiro día de viaxe, empezan a xurdir unha serie de factores negativos, que farán aínda máis meritorio, se cabe, o esforzo do viaxeiro: xa na primeira etapa, ó final da mesma, non son recibidos por ninguén en Pontesdeume. En Betanzos a xente fica estrañada ó velos pasar. A néboa e a choiva acompañáanos na primeira costa importante do percorrido (Costa da Sal). Despois do recibimento triunfal en Guitiriz, pobo do Manolo Silva, empezan as desavenencias entre os dous viaxeiros.

"No concello de Lugo, ninguén sabe cousa da nosa viaxe. O alcalde non está, e o primeiro tenente de alcalde tampouco. Entregámo-los paquetes e ímonos. Convenzo ó Félix para ir ó hospital, pois sospeito que anda mal dos pés.

A doutora de garda recoñéceo e aconséllalle que non siga a viaxe. Ver a un home derrotado fáiseme difícil, pero aínda é peor se a ese home o coñezo e lle teño un aprecio especial. Ó deitarnos nun hotel as nosas mentes están inquedas. A do Félix pola súa volta á casa; a miña por terme que enfrentar, só, perante unha morea de situacións, máis ou menos difíciles, sen ese amigo, no que me apoiaba e descargaba parte do meu peso e moitas das miñas preocupacións. Pola maná, acompañoo ó Félix á estación e voume tras recoller a miña carga. Non me gustan este xeito de despedidas e non quero seguir vendo un xesto de pesadume, tristeza e, incluso, rabia por ter fracasado. E continuo a viaxe.

Ás aforas do pobo de Viladonga, onde me deteño para xantar, vexo un castro celta e logo chego a Meira, onde o meu encontro co alcalde non se realiza por estar ausente".

Hai que suliñar que, como lle sucederá infinidade de veces ó longo da viaxe, os intentos de se entrevistar co alcalde, sexa dunha cidade ou do máis pequeno dos pobos, resulta tarefa practicamente imposible, ó non se encontraren case nunca nos seus respectivos concellos. Poderíase dicir aquilo tan famoso referido ás meigas, pero —nesta ocasión— sobre dos alcaldes: "Eu non creo neles pero habelos hainos". Non se ven pero existir, existen.

"Na localidade de Pontenova, a onde chego en menos de catro horas despois de facer máis de vinte kilómetros, a xente sente curiosidade por coñecerme.

Fanme preguntas sobre a viaxe e non falta quen me diga: "Pero podes subir nun coche e chegas antes". Este señor é taxista. Continúo ata Vegadeo. O percorrido discorre á beira do río Eo. As paisaxes son preciosas, de montaña. Catro casas agrupadas aló no alto dunha lomba, ou na vagoada. Todo verde. Todo bosque".

Empeza o viaxeiro a disfrutar e a facer descripcións da paisaxe. Estas demostran o bo ánimo que acompaña ó viaxeiro.

"Síntome libre, sano e seguro de min mesmo nestes intres. Sinto rebordar o meu corazón pola beleza das terras de Galicia, pola sinxeleza das súas xentes que, ó meu paso, levántanse curiosas, temerosas incluso. É tan fermoso o curso do río que caio facilmente na tentación de facer unha fotografía. Os kms. parecen desaparecer baixo dos meus pés e sobre as seis da tarde entro pola ponte de Vegadeo no Principado de Asturias".

Unha constante ó longo do percorrido por toda España é que o viaxeiro non só realiza etapas de 30 ou 40 Kms. por término medio (aínda que nun só día fixo unha de 92 Kms. de Badajoz a

Cáceres), senón que ten tempo e folgos para ir a discotecas, praias, concertos de piano, bares musicais, conferencias, etc. Estas actividades extras reconfórtano, como se verá a seguido.

"Ceo e voume á discoteca na que, aínda que hai pouca xente, anímame a bailar e me mover de xeito diferente ó que traio durante os xa seis días de viaxe que levamos. É a unha da mañá cando vou a durmir. ¡Que ben se sente un cando se encontra a gusto no seu pelico e pode facer o que quere!".

"No pobo de Navia hai unha praza con xardíns e un monumento a Campoamor, nado nesta vila. Fago fotografías e vexo o monumento ó emigrante. Ás dezasete horas hai partido de fútbol. Vexo o partido e o que estaba xunto a min faime entrar no ambiente. Preguntóme "¿que estou facendo eu aquí?"

O viaxeiro continúa o seu percorrido por estas extraordinarias terras asturianas. Non é insensible a tamaña beleza.

"Á saída de Luarca, que é un fermoso pobo, a carón do río Esva, instaláron unha piscifactoría un pouco singular: semella un gran barco coa súa ponte de mando e cos tanques de auga a popa e proa, onde están os criadeiros de salmón. Ó longo da mañá cruzo pobos pequenos que están espallados polas vagoadas e incluso nos outeiros. É impresionante ver estas terras, non dende a estrada senón dende un hórreo como o que acabo de fotografar. Ollar cara o leito do río e deica a tódalas direccións ata onde chega a vista, é coma vivir nun soño. É demasiado fermoso. Das montañas baixan centos de regueiros e regatos que aumentan o caudal do Esva. Fotografíome a carón do típico hórreo, ou paneira, se ten máis de catro apoios para sosterse.

Esta fotografía será a que máis atrancos me creou, xa que tiveron que rubir máis de cincocentos metros para conseguila; (...) No pobo de Salas vou ó médico para que me recete vitaminas, "algesal espuma" para darme unha masaxe nos xémeos, que teño un pouco cargados. Hai moi pouco día neste pobo, que só ten a fábrica de Danone e pequenos talleres. Hai un instituto onde se pode estudar ata COU, pero a maior parte da xente estudia en Oviedo. En Salas e en Grado non encontro ós alcaldes e entrego sendos paquetes. O característico acento asturiano fai un tanto graciosas as miñas conversas coas xentes dos lugares".

O viaxeiro Félix, que acompañou a Silva ata Lugo, onde tivo que abandonar, volve á viaxe en Xixón.

"Á entrada de Xixón saen a recibirme dous señores que me preguntan se son o camiñante. Son o tesoreiro e o secretario do Centro Galego. Dinme que estou invitado a comer e aclárolles que o amigo Félix non chegará ata as 14.30 h. Chega en tren, no FEVE (Ferrocarril de Vía Estreita). Pregúntolle ó xefe de estación se o tren de Ferrol vén á hora. Con aire desenfadado dime: "Este tren chega sempre con retraso". A xente espéranos a comer no Centro Galego, así como no Concello de Xixón o alcalde.

Cando por fin chegamos ó Centro Galego, o recibimento, é moi agarimoso. Hai fotógrafos e periodistas que nos comunican que o alcalde estívonos agardando no Concello e, dada a nosa tardanza, foise. Pola noite invítanos a tomar unha copa no Tablao de Enrique, que é o presidente do Centro Galego, e chámase "Triana", lugar moi concurrido. (...) A amizade é o sentimento máis fermoso, despois do amor".

Empezaron os feitos inverosímiles ou curiosos, propios do país.

A frase do xefe de estación, rotunda, vén a significar: "Se este tren non chegase con retraso xa non sería un tren español". O único alcalde que si está no seu despacho tense que ir pola tardanza dos viaxeiros. A existencia dun tablaio flamenco en Asturias... Curioso país.

"Continuamos viaxe Félix e máis eu, e detémonos nun posto da Cruz Vermella, pois ten problemas cos pés. Seguimos e á saída dunha curva vemos a un señor que nos pregunta se sómo-los galegos que pretendemos da-la volta a España. Respondémoslle que si e invítanos a tomar un "culín de sidrina". Chama á súa muller, Aurora, e á filla para presentarnos. Falando e bebendo acaban invitándonos a comer fabada, que aceptamos gustosamente. Ensínannos o lagar e o proceso de elaboración da sidra. Resultan ser gandeiros de explotación leiteira.

Teñen unhas vinte cabezas de gando e coñecen ben a súa laboura. Fálannos de procesos de mellora das vacas leiteiras mediante a importación de semen de xatos canadenses que, segundo estudos realizados por enxeñeiros agrónomos, son os mellores do mundo, chegando as vacas desta raza a producir uns nove mil litros de leite por temporada de cría. Ás seis da tarde despedímonos e continuamos cara Villaviciosa, vila que ten escudos de armas na maior parte das súas casas. O que vexo ó noso paso é impresionante: no centro dun grupo de casas atópase un monumento a Carlos V. Aquí foi onde pisou terra española por vez primeira. Esta poboación é a "Santillana asturiana".

Os cada vez máis continuados rozamentos entre os viaxeiros fan que Silva faga a seguinte anotación camiño de Ribadesella.

"A diferenza xeneracional, se non ten unha gran dose de humildade, cabaleirosidade e xenerosidade, deixando a un lado o orgullo, a envexa e o egoísmo, será sempre insalvable e as persoas nunca chegarán a se entender".

Esta falta de entendemento chega ó cumial preto de Llanes. Mentres Silva se achega a unha gasolinera para preguntar onde hai un sitio para xantar, o viaxeiro Félix inicia un "demarraje" coma un ciclista no Tour de Francia, e desaparece. Despois de ir e vir e de averiguacións, Silva consegue alcanzar ó Félix uns cantos Kms. máis adiante. E este anúncialle que "en Bilbao dou a volta". "Non sigo". Continúan viaxe e entran en Cantabria. Esta é unha rexión extraordinaria. Pese á súa pouco extensa xeografía, é unha zona de España na que, a moi escasa distancia, atópanse unhas praias extraordinarias e a zona montañosa dos Picos de Europa. Boa gastronomía, clima moi bo na zona do litoral, arte moi rica, excelentes paisaxes, pobos-museo coma Santillana del Mar, as mundialmente coñecidas covas de Altamira, etc., fan desta rexión un lugar privilexiado. Os viaxeiros chegan a Santillana del Mar, pobo extraordinario e coñecido como "o pobo das tres mentiras": nin é santa, nin é chaira (llana, en castelán) nin ten mar.

"Entramos en Santillana ás 19 horas. Cidade construída entre os séculos XI e XII, toda ela é monumental. Hospedémonos nun edificio do séculoXII, restaurado no seu interior pero conservando a maior parte dos mobles antigos. A habitación que nos ofreceron tiña unhas camas enormes da época, o mesmo que o armario e un aparador, con espellos, palangana e uns cazos. O chan é todo madeira. Os cadros que hai pendurados nas paredes conteñen gravados das covas de Altamira, que están nesta vila".

A partir de Santander os viaxeiros sepáranse. Félix vaise antes camiño de Bilbao.

A estrada transcurre por Santoña, lugar de nacemento de Luis Carrero Blanco; Laredo, coa súa enorme praia, e Castro Urdiales. O viaxeiro deixa Cantabria e adéntrase na provincia de Vizcaya e, con elo, no PAÍS VASCO. Vizcaya posúe innumerables alicientes de todo tipo: as súas xentes, a súa paisaxe, os seus costumes, pobos como Bermeo, Munguía, Palencia, Ondárroa, Lequeitio, etc. A pesar de tales atractivos, estes quedan embazados porque a capital, Bilbao, sufriu gravemente os efectos da industria e das fábricas contaminantes.

"Ás 10.15 h., empezo a marcha cara a capital (Bilbao). Sestao queda á esquerda, e logo Baracaldo. Hai outros grupos de casas, unidos todos por estradas e máis estradas. Fábricas, tuberías, chatarrerías, desguaces, gases, fume, polución, suciedade... Entre isto achégome á capital, á beira da ría. Unha ría chea de fango e suciedade.

A auga ten cor marrón. Raís de ferrocarril, edificios de tonos escuros, cincentos. O máis atractivo de Bilbao é a Basílica de Begoña e o que deron en chamar "o pulmón de Bilbao": o parque de Artxanda, lugar elevado cara o norte (...). Na Casa de Galicia atópome co Félix. (Hoxe é o meu primeiro día de descanso (27 de Marzo)).

O viaxeiro segue viaxe pola costa vasca, camiño de San Sebastián.

"Elgoibar, tal como din, é o pobo de España de máis importancia, xa que a súa industria expón en importantes feiras mundiais. Ó pasar por Deba non podo deixar de recoñece-la beleza que encerra, cunha inmensa alameda con árbores moi cuidadas. Zumaya, é outro pobo de gran beleza. Bordeando a costa chego a Guetaría, que, á entrada, ten unha escultura do navegante Juan Sebastián Elcano, amáis dun enorme molde de pedra que no alto presenta o corpo dunha muller botada cara adiante, sen cabeza. (...) Hoxe foi un día dos máis duros; non só pola distancia recorrida, senón tamén polo intempestivo do tempo. Hai, sen embargo, que suliña-la gran beleza de pobos como Deba e Guetaría".

Chega por fin a San Sebastián (Donostia), unha das cidades máis fermosas de Europa, onde resume a viaxe dende a súa saída de Ferrol.

"O que vin ata este momento agradaríame volver a visítalo, pero moito máis demoradamente. E o que non vin, non fai falla dicir que me agradaría velo".

San Sebastián, 31 de Marzo de 1987

CADERNO SEGUNDO

Coa súa chegada a San Sebastián, o viaxeiro completou a súa viaxe ó longo da Cornisa Cantábrica. Itinerario no que se espaxen pequenos pobos, innumerables bisbarras marcados polo verdor da paisaxe, acompañado pola brisa do mar próximo..., pero tamén escoltado por un clima chuvioso, atrancos co seu compañeiro de viaxe e polo reto de se enfrentar a cotío a varias decenas de Kms. a recorrer, que xa empezan a ser abondos. Dende Donostia, vaise adentrar no interior da Península deica alcanza-lo Mediterráneo. Empeza a verse xa a magnitude de tan extraordinaria viaxe: a soedade que acompaña ó camiñante, a súa relación coas xentes, a súa propia análise mental, os seus costumes no tempo de vagar, a descripción dos lugares por onde transcurre...

É todo un retábulo que pasa por diante dos nosos ollos. Como veremos a seguido, empeza a xurdir tanto o misticismo coma o encontro co antigo contrabandista, o paso por pobos que se fixeron famosos pola inventiva popular como a asistencia a actos de medicina deportiva.

"Á miña chegada a Tolosa entro nun bar a xantar. Mentres como un prato de lentellas, achégaseme o señor Pello —o dono do bar—, e faime preguntas en col da viaxe. A el tamén lle agrada viaxar, sobre todo camiñar, e cóntame cousas de cando el era contrabandista e logo cazador. Interesantes tempos aqueles; cheos de atrancos pero interesantes, me di. (...).

Continúo a viaxe e enfrentóme ó porto de Azpiroz, dun 14% de desnivel e 4 Kms. de rubida. É o tramo máis difícil co que me encontrei deica agora, ó que hai que engadir a auga, que non deixa de caer. Aínda hai neve nos cumes dos montes. O porto estivo pechado ó tráfico días atrás. ¡É increíble a beleza destes montes a 670 mts. de altitude, aparecendo entre as madeixas de néboa as montañas nevadas!. ¡Unha paz inmensa adónase de min nestes intres nos que parece que estou só na terra!. ¡Só co meu Deus!. Por primeira vez en moito tempo teño que recoñecer que debe haber algo máis, algo que está sen ser, algo que ve sen ser visto, pero que, sen embargo, axuda a quen quere saír dun decaemento, da lama".

O viaxeiro vai face-la súa entrada en Navarra. ¿Que dicir desta excelente terra?. Unha terra, cos impresionantes Pirineos ó norte, e a súa planicie ó sur, que albergou ós vascóns, ancestros dos vascos. No século XIX foi santuario dos carlistas. A través de Roncesvalles, entran os peregrinos que van en peregrinación a Santiago de Compostela. Estella, Olite, Tafalla, Tudela e a súa capital Pamplona son todos eles incomparables lugares. Rexión que compite con Aragón, no fomento da súa variada gastronomía; "olla podrida", polo á "chilindrón", "sopa cana", "ternasco", troita á navarra, os seus famosos "pacharán", a gorentosa "chistorra", e os seus vinos. O viaxeiro chega a Pamplona.

"Entro nun gran paseo con estatuas en pedestais a ámbolos lados; ó final do mesmo hai un monolito enorme en lembranza dos que loitaron polas liberdades do país.

O edificio da Deputación Foral de Navarra, conserva na súa fachada, sinais de antigos bombardeos".

O camiñante chega a Tafalla, que en tempos de Carlos III "O Nobre" chegou a posuír un castelo, "tan importante coma o de Olite". Segue viaxe ata Caparroso, onde lle "vén en gaña cortalos pelos". É famosa a cantiga que se refire a este pobo: "El cura de Caparroso/ ya no compra más cebada/ que se le murió la burra/ y ahora monta en la criada". Non faltan as referencias eróticas ós cregos doutros pobos de España. Así, Camilo José Cela no seu "Diccionario secreto", cita a: "El cura de Morata de Tajuña/ se rasca los cojones con una uña/ pero en cambio el de Arganda/ se pisa los cojones cuando anda".

"Non encontro nada habitado ata chegar a Caparroso. Á beira da estrada óllase terra de labranza; pero ó lonxe albíscanse unhas pequenas elevacións desérticas, e ó lonxe as montañas, aínda con restos de neve (...) É esta unha terra na que a erosión é o mal que ataca duro, e un decátase de que a xente loita contra ela; repoboando coa árbore autóctona (piñeiro) grandes zonas, mentres outras aproveítanas para avea, quedando aínda unha gran parte erma".

Ó chegar a Tudela, decátase da gran importancia desta cidade. Déla dinos Juan de Atienza na súa "Guía de la España mágica", que: "a importancia dos xudeus de Tudela, queda probada pola presenza, no mesmo claustro da catedral, dunha sinagoga. Pensemos que isto é insólito, tanto máis se nos prantexámo-lo feito de que, dito claustro, non é tardío senón da época da propia sinagoga. O camiñante asiste a unha conferencia, na que toma moitos apuntes, ó final dos cales di:

"Medicina deportiva: xogo, ata os dez anos. Educación física, dos dez ós quince anos. Deporte, dos quince ós trintedous. Exercicio físico, dos trinta ós oitenta anos".

O viaxeiro Silva fai a súa entrada en ARAGÓN. Esta é unha rexión mal coñecida, paisaxísticamente falando, porque identifícaselle sempre cos desertos e páramos dos Monegros e as Cinco Villas. Sen embargo, posúe a zona pirenaica coa excelente veiga e parque nacional de Ordesa; as serras de Teruel, pobos singulares como Albarracín, Calatayud, Jaca, etc. É de destacar o pobo de La Almunia de Doña Godina (Zaragoza), que, amáis dos seus alicientes e as súas sabedoras froitas, quizais sexa o pobo de España con máis bares por Km. cadrado. Claro está que nesta poboación non se coñece ningún membro da "Liga Antialcohólica".

A súa chegada a Zaragoza, o viaxeiro visita o Centro Galego, onde o presidente do mesmo lle escribe unha dedicatoria no seu diario.

"Penso que se a Lei da Galeguidade andivese coma o noso paisano Manuel Silva, as cousas, cando menos, irían máis de presa".

Trala súa estancia en Zaragoza, o camiñante dispónse a cruza-lo deserto dos Monegros, unha gran larganza de terra erma, duns 40 Kms. de longo, sen case habitantes. Tras unha parada en Venta de Santa Lucía, adéntrase nos Monegros, tendo como meta Bujaraloz. Desta etapa soamente fai a seguinte referencia.

"Transcurridos uns Kms., atópome cun muro, duns quince metros de longo por setenta centímetros de amplo no que hai unhas letras en releve cunha cruz, que din: "Aquí, verteuse moito sangue, que serviu a Deus e a España".

Afirmación demasiado categórica, ó noso modo de ver, por canto un non ten coñecemento de que nin Deus nin España exerzan o vampirismo.

O viaxeiro segue o seu camiño e chega a Fraga, pobo de abondosa froita. Aparenta ser totalmente medieval e ofrece ó visitante as típicas construcións aragonesas de ladrillo.

"O pobo é un enmarañamento de rúas, con pasadizos por baixo das casas. Os feirantes montan os seus tenderetes de venda ambulante e na praza do Concello hai unha estatua á Moza Aragonesa, vestida á usaxe da rexión".

No seu camiñar incansable chega Silva a CATALUNYA. Esta Comunidade Autónoma, contén unha beleza, e unha variedade en se mesma, de carácter excepcional: A Costa Brava non se asemella en nada á costa tarraconense, os Pirineos nada teñen que ver cos macizos da bisbarra do Priorato. Esta terra, segundo Juan G. Atienza, foi, entre tódalas da Península, a que máis conscientemente conservou os seus valores tradicionais ó longo do tempo. Berce de personalidades tan relevantes como, entre outras, Dalí, Casals, Gaudí, etc. Terras de excelentes viños: Penedés, Priorato, Perelada,

Alella, etc. O tan cacarexado chauvinismo que se lle atribúe as súas xentes, é desmentido polo viaxeiro que, á súa chegada a Lleida, come o seguinte menú: callos á madrileña, pescada á vizcaína, e queixo de Burgos. No Centro Galego de Lleida, é recibido e tratado con gran cordialidade.

"A gran ilusión que me move, é o agarimo e cordialidade con que son recibido por uns e outros, destacando os Centros Galegos. Lévanme a pensar que o que fago serve para moito máis que para camiñar. Son feliz entre estas xentes. Estou moi ledo entre estes galegos (e non galegos, que tamén os hai) que se mostran vivamente interesados por esta viaxe".

Despois da súa visita a Lleida, ou Lérica, o viaxeiro continúa viaxe por terras catalanas cara Barcelona e, preto de Tárrega, fai un alto no camiño. Neste pobo, Tárrega, existía a comenzo de século un home apelidado Daltaubuit, que era o pánico das mozas do lugar, ó perseguilas cuns afáns amorosos dignos de todo encomio. Seica era de boa presenza, coidaba o seu aspecto persoal, e as súas formas aseadas e ben amañadas, debíanlle infundir afáns tan meritorios. Por iso era chamado "O Galo de Tárrega". O viaxeiro, que descoñecía a biografía deste individuo, fai, nembargante, as seguintes observacións, en perfecto paralelismo co galináceo citado.

"Esta viaxe, está despertando a curiosidade e admiración, xa que están afeitos a ver xentes que viaxan pero non en viaxes destas características: programado, cunha razón deste tipo, sendo quen o realiza de boa presenza e ben portado (sen farrapos nin emporcallado), e sobre todo, que non pide cousa a cambio. É o que máis lles intriga, aínda que admiran a miña forza de vontade ante semellante recorrido".

O día de Venres Santo, 17 de Abril de 1987, o viaxeiro chega a Cervera, extraordinario pobo, que dende 1718 ata 1842 foi sede da Universidade de Barcelona. Na igrexa de Santa María, venérase unha reliquia da "Vera Cruz", que foi empregada para exorcismos.

"Pola tarde asistín ó teatro. A función era sobre a paixón, morte e resurrección, que durou dende as tres ata as oito e media. A obra foi extraordinaria. Moitos dos actores, por non dicir todos, son xentes do pobo. A asistencia de público foi numerosa (capacidade para dúas mil localidades, e case estaba cheo) con persoas chegadas dende Francia, Andalucía, San Sebastián, etc. a propósito para ver esta obra".

O camiñante Silva, continúa viaxe e uns cantos Kms. máis adiante, deixa a estrada Nacional II para visitar Montserrat.

"O que máis chama a atención é a Virxe, chamada tamén a Moreneta, porque ten a cor da pel moreno. Está nun camerino, a onde a xente sube por escaleiras, e en fileiras enormes deica chegar para bicar a bola que presenta nunha das súas mans. Outra cousa extraordinaria é a gran vista panorámica que ofrece".

A viaxe continúa ata Martorell e dende aquí a Barcelona, a Cidade Condal, a Cidade Olímpica, visitada tamén por outro ilustre viaxeiro: Don Quijote de la Mancha. Desta cidade di Don Quijote: !Aquí fue Troya! !Aquí usó la fortuna conmigo de sus vueltas y revueltas". Sen embargo, ó viaxeiro non lle vai tan mal nela.

"¡Que pena non ter máis tempo en cidades coma esta!".

Téñase en conta que o percorrido do viaxeiro está completamente planificado e que debe seguir unha disciplina no calendario. Esta cidade é das que máis estímulos atesoura de tódalas do Mediterráneo. Sendo cidade bañada por este mar ten a sobriedade de moitos lugares da meseta, pero —á vez—, disfruta dun clima benigno propio desta ampla faixa marina. É mosaico de civilización e os seus habitantes conservaron a través dos séculos os tesouros culturais e ancestrais que atesoura. Pero o tempo apremia ó viaxeiro e segue ata Sitges e Vendrell, berce do violoncelista Pau Casals. Continúa viaxe ata Tarragona, facendo denantes dúas precisións.

"En Tarragona asisto a un concerto de piano (...). Comer resulta sumamente caro nesta parte do país. ¡Carísimo!".

Tarragona, é unha das cidades españolas máis ricas en vestixios clásicos e medievais. Pero o viaxeiro, polas razóns xa citadas, non se pode deter e segué a viaxe. Pasa por Cambrils, Hospitalet del Infante e chega a San Carlos de la Rápita. No camping de Los Alfaques, houbo unha traxedia, ó explodir un camión, producíndose varios centos de mortos.

Nel pódese ver un mural con tantas estrelas coma mortos houbo. O viaxeiro deixou á súa esquerda o famoso Delta del Ebro, unha maravilla ecolóxica, con abondosa e variada fauna. Un mundo a parte. Barcazas que cruzan o río. Auga con anguías e angulas. Tranquilidade absoluta. Pobos laboriosos, e, á vez tranquilos. Un amencer no delta, é das mellores cousas que lle poden suceder a un ser humano.

"Días de acougo estes, sen obsesións, recreándose na paisaxe e coñecéndome a min mesmo. É increíble a cantidade de facetas que descoñecemos, das que non temos nin idea de que existen en nos. Atópome a gusto, moi a gusto, dentro do meu pelico, cavilando o que penso, vivindo estes įntres quizais irrepitibles, que me deparou o destino".

Obsérvese onde se producen estas disquisicións do viaxeiro: á beira dun mar quedo, con praias espaciaosas, cun ceo dun azul intenso. Nun mes de abril, que, coma todo na zona, é o preludio do próximo verán, ou da primavera anticipada. Nun lugar onde as oliveiras empezan a abrir paso ás laranxeiras, que inzan o aire cos seus arrecendos.

"Penso na miña familia, un por un. A gran traxedia que nos fixo sufrir estes últimos anos e que, por moito que o penso, non podo facer máis que ergue-la cara, tragarme as bágoas a seguir adiante. Non quero odiar. Non quero sufrir. Por iso loito contra o que me fixo dano, procurando outros camiños que me axuden a ser feliz, e, tamén, a miña familia, a miña nai ¡Pobre nai!. Criar doce fillos para perdelos desta maneira!".

Ó comezo desta narración da viaxe apuntábanse características do viaxeiro e do pobo onde vivía. Suliñábase a especial dureza que tivo que padece-lo viaxeiro en curta biografía, con feitos que farían fundir a calquera, e nun entorno que en nada axuda o ter iniciativas, aínda que sexan da importancia de da-la volta a España a pé.

Por iso o mérito deste rapaz extraordinario, con afán de superación, con folgos abondo para face-lo máis difícil aínda, a pesar de que se trate de cousas tan "intrascendentes" coma unha viaxe destas características.

"Sei que hai moita xente que me culpará, incluso odiará, o meu comportamento, porque arredei de min —co meu xeito de me comportar— a outra xente. Pero deberían pensar e analiza-las circunstancias que rodean unha decisión, antes de xuzgala".

Pero o viaxeiro non cre face-la viaxe el só. En diferentes pasaxes do seu diario emprega a primeira persoa do plural.

"Non sei ata onde chegaremos nesta viaxe, pero o que desexo é que o fagamos ben e poidamos sentirnos orgullosos do que se acadou".

Esta é a descripcón que fai das bisbarras mediterráneas. "Ás seis da mañá saio á estrada. Ceo nubrado. Temperatura suave. O rumor das ondas acompañame bastante tempo. O arrecendo das flores da beira da estrada, embebédame por momentos. Plantacións de laranxeiras, abondosas deica chegar preto de Vinaroz...

Chego a Benicarló e ó camping Los Pinos. Cando vou a montar a tenda, a señora Mina, a muller do director do camping, sinálame a súa caravana e dime que a podo facer servir, ó que contesto cun sorriso e claras mostras de satisfacción. É preciosa no seu interior, con dúas salas convertibles en dormitorios, cocina, armario e estantes. Todo en madeira cor claro. Faime sentir case coma na miña propia casa".

O viaxeiro chegou á provincia de Castellón, e, por iso, ó PAÍS VALENCIANO. Esta rexión ou Comunidade Autónoma, posúe unha terra fértil ó longo das súas dúas costas (Costa del Azahar, e, máis cara o sur, La Costa Blanca). O arroz, os palmeirais de Elche e Orihuela, as oliveiras e amendoeiras dan idea da súa riqueza. Fenicios, cartaxineses, visigodos e árabes poboaron as súas terras. Son famosas as súas festas de mouros e cristiáns, e a súa internacional paella. A arte barroca, atópase con xenerosidade en parte das súas bisbarras. Jerónimo Münzer, xeógrafo alemán do século XV, di que: "o campo valenciano é fértilísimo, xa que produce inmensa variedade de froitos que se exportan a outros países". O viaxeiro pasa por Santa Magdalena de Pulpio, Alcalá de Chivert, e chega a Torreblanca, final de etapa e deste segundo caderno.

"Torreblanca é un pobo pequeno, a catro Kms. da praia, cunha poboación duns cinco mil habitantes. A súa maioría adícanse á agricultura. Por esta zona hai moitos pobos que comencan por "beni" que significa "fillo de".

CADERNO TERCEIRO

"Sorprendido e admirado pola fazaña deste galego andante, deséxolle a mellor sorte nesta longa marcha".

Esta é a dedicatoria que lle fai a Manolo Silva o director da Feira Internacional de Mostras de Valencia. O camiñante chegou xa á capital do Turia despois de deixar atrás, entre outras poboacións, Castellón e Sagunto. En Valencia, non ten tempo de contemplar os seus abondosos encantos, aínda que algún si.

"Día dedicado por completo ó que é a viaxe. Non tiven tempo para descansar nin para poder admira-las belezaas que pasean polas rúas. Perdón, as belezaas que ten a cidade".

Na pensión onde dorme, en Cullera, a patroa espétalle un refrán, mentres lle pon unha manta na cama.

"Coma todo bo español, despois de comer sente frío".

Pasado o pobo de Oliva, crúzase cun mendigo. Iso dalle pé para matinar.

"Decátome do baixo que fai caer a un a mendacidade. Esta sociedade fai mendigos, que os fabrica día a día, por calquera medio".

O camiñante chega a Denis, onde hai un monumento ó Tempo, e un busto de Miguel de Cervantes. Disfruta da paisaxe. Disfruta das laranxas. A importancia de disfrutar destas pequenas cousas, fai que escriba no seu diario o seguinte:

"O día desapareceu das miñas mans. Coidaba que ía a ser igual cós outros, e de novo teño que agradece-la miña boa sorte para poder disfrutar, dentro do posible, desta gran viaxe. Contento e co sorriso nas meixelas, voume á cama tras unha ducha tonificante".

O itinerario transcorre preto de Callosa de Ensarria, onde se celebran con grande esplendor cada ano as testas de Mouros e Cristiáns, por Altes e Benidorm, pobo éste que sufriu unha enorme explosión turística estes últimos vintecinco anos. No verán é practicamente imposible atopar dous metros cadrados de área para deitarse ó sol, se un non chega á praia antes das dez da mañá. O viaxeiro, que xa leva ás costas case dous mil Kms., e setenta días de viaxe, empeza a ver máis de cerca o final.

"¿Soportarei os setenta e sete días que me restan de viaxe? ¿Manterei o equilibrio físico-psíquico necesario ata o final? Como acostuma a dicirse: andaremos e veremos".

O seu paso por Alicante é rápido, despois de visita-lo Centro Galego. Chega a Torrevieja que, como di o slogan publicitario, é "branca de sal e morena de soles". No concello desta poboación dinlle que o agardaban ó día seguinte. O camiñante fixérase días atrás cunha radio para aledar a viaxe, e esta sería quizais a razón de que se adiantara con relación ó horario previsto. Fai o seguinte comentario:

"Agardábanme mañá. Coidan que son a Renfe".

Xa en Cartagena, vai ó "mecánico".

"Vou a un zapateiro. Teño que poner unhas solas ás botas, xa que —tralos dous mil setenta e seis Kms. que levan—, desgátáronse moito".

Nesta cidade ten unha intensa actividade.

"Reúnome co Sr. Prego, oficial de Marina. Recíbeme o concellal de Cultura do Concello. Fanme unha entrevista no xornal "La Verdad", e outra en Radio Cadena, máis tarde outra entrevista na Ser con Pepe Navarro. En todo momento o Sr. Prego, amósame a súa amabilidade acompañándome a visita-la cidade".

As seguintes etapas son Mazarrón e Águila. E dende aquí entra en ANDALUCÍA, pola provincia de Almería. A rexión andaluza, é un caso único: cada provincia é un mundo nembargante

as súas notas comúns. A costa atlántica, as Alpujarras granadino-almerienses, a explotada Costa del Sol, a Serra de Cazorla, o campo cordobés, as mariñas..., atópanse na mesma rexión pero ¡que enormes diferencias! Do carácter do andaluz e dos costumes das súas xentes teremos ocasión de falar nas páxinas que seguen. A Alhambra, A Mezquita, A Giralda, etc., son algúns dos seus monumentos, mundialmente famosos. Non o son menos os seus viños de Jerez, de Moriles e Montilla, por nomea-los máis coñecidos. O viaxeiro atravesa os Campos de Níjar, dos que escribiu un libro Juan Goytisolo. Nestas terras pasan anos sen que caia unha soa gota de chuvia. Preto do pobo de Sorbas aínda existen uns decorados que servían para rodar películas do Oeste.

"Paisaxes con múltiples depresións. Deserto nun 70% da súa superficie. Pequenas aldeas nalgún recanto das montañas, nalgunha veiga e tamén nas lombas. Esta terra non ten nada, absolutamente nada".

O camiñante chega a Almería. Desta cidade escribiu Gerald Brenan: "Aquí, nas tardes tranquilas —e tódalas tardes son tranquilas en Almería—, poden verse mulleres enormes, pintadas con colorete e untados de brillantina os negros cabelos". Isto ocurría polo 1920. A muller almeriense hoxe, coma o home almeriense, é persoa agradable no trato, leal, de mentalidade aberta e prototipo do bo andaluz. Á saída da cidade, Silva recibe unha visita.

"... un coche patrulla da Garda Civil detén o seu coche e baixa un garda civil que, tras saludarme, entrégame o xornal "La Crónica", e deséxame boa viaxe".

O camiñante continúa a viaxe por El Ejido, Bazuelos e chega a Motril. Un nativo deste pobo-cidade, instalouse hai anos en Granada, montando un bar no que anunciaba con grandes carteis: "Hai gorentosos bocatas de callos e de maionesa". Famosos éranos os seus calamares, que os anunciaba deste xeito: "Hai cefalópodos fresquísimos". En Motril, o viaxeiro vai ó médico.

"— Non deberías seguir viaxe, dille o doutor Ureña.

— Coido que estou en condicións de seguir, contéstalle Silva.

— Bueno, tendo en conta que non hai infección no pé, vouche recetar uns remedios e a ver se tes sorte.

En vista diso decido desfacerme de cousas da mochila de 12 kilos que me acompaña (saco, tenda, esterilla e piquetas), vou á farmacia e logo a prepara-las primeiras curas: lava-lo pé, aplicarlle pomada e cubrilo cunha gasa e esparadrapo, pola mañá lavar de novo a ferida".

No concello de Motril fanlle a seguinte dedicatoria:

"Ó andar faise camiño". O sabio poeta sabía moito do teu e, aínda que para algúns sexa difícil entende-lo teu esforzo, o certo é que foi unha fermosa iniciativa. O importante é o reto contigo mesmo e a túa forza é a honradez persoal con que afróntela tarefa que te impuxeches".

En Salobreña rouban ó viaxeiro Silva. E anota no diario:

"Dise que o home naceu para vivir nas convulsións das súas crencias e ideais, ou para morrer no letargo do aburrimiento".

Salobreña é un dos pobos máis extraordinarios de Andalucía. Situado nun alto, as súas casas brancas contrastan co azul do ceo e co verde da chaira que o rodea. O alcázar árabe que o coroa ten unha peculiaridade: dende as súas almeas, e se o vento é favorable, pódese aspirar un excelente aroma a ron. Na chaira hai unha destilería de ron, as chimeneas da cal "contaminan" o ambiente deste xeito tan favorable. A cana de azucre é abundosa na zona. A viaxe segué por Almuñécar, Nerja (coas suas covas famosas), Torre de Mar e Málaga.

"Visito a cidade. Dende o castelo de Gibralfaro, vense excelentes vistas. Restos de cultura árabe no alto. Pola noite, discoteca en Torremolinos, voltando á unha da mañá ó hotel. Acompáñanme Ulises, vice-presidente do Centro Galego, e a súa dona Blanca. O meu eterno agradecemento a esta parella maravillosa que me fixeron pasar un día inesquecible coa súa animosa compañía".

Coa chegada a esta capital, Silva cumpre tres meses completos de viaxe. Co mes de Xuño empeza o seu periplo pola famosa Costa del Sol malagueña, camiño de Cádiz e Sevilla. Pero isto atópase recollido no próximo caderno. Mais antes de proceder ó relato deste, hai que facer un alto obrigado na reseña dun acontecemento que sucedeu no pobo malagueño de Archidona, que pasou ós anais da historia xudicial española.

"O tres de Marzo de 1972 a Audiencia de Málaga, celebrou un xuicio contra dous vecinos de Archidona (logo condenados) por un delito de escándalo público. No primeiro resultado da sentenza dicíase textualmente: "probado e así se declara que o día 31 de Outubro de 1971 no cine Archidona, da cidade de Archidona, durante a presenza dun espectáculo de flamenco, a procesada P.B.A., masturbou ó seu novio, o procesado A.A.M., tendo este o órgano viril fóra do pantalón, o que motivou que salpicara de semen ós tamén espectadores B.B.V. e á súa dona M.L.C.R., lixándolles as súas roupas, pericialmente valoradas en 3.500 ptas. e 1.600 ptas, respectivamente; e posto en coñecemento da policía municipal o ocorrido, os procesados foron expulsados do local coa conseguinte publicidade". Sen comentarios. Xa se fixeron moitos, por plumas tan autorizadas coma a de Camilo José Cela".

Ó peregrino recíbeno no concello de Málaga, onde lle fan a seguinte dedicatoria.

"Hoxe persónase Manuel Silva na Área de Cultura do Concello de Málaga. Recibímolos os funcionarios da Sección e os de Educación. Valoramos positivamente o intento de espallamento da Comunidade Galega, e, sobre todo, a forma ou o modo empregado para se desprazar, que é a maneira máis directa de poder facer dita misión".

Esta é a descripción que fai Silva da súa entrada en Málaga.

"Cruzo o Paseo do Parque, lugar fermoso, con árbores e xardíns, fontes e estatuas de diferentes escritores. Todo isto fai desta zona unha das máis fermosas da cidade".

Remata este caderno terceiro nesta cidade, non sen antes facer unha breve referencia á aportación que fixo Málaga a un fenómeno importante do século XIX, o bandolerismo: De Málaga e a provincia saíron os máis importantes bandoleiros, xunto cos de Sevilla. O famoso "Pasos Largos", naceu en El Burgo, a carón de Ronda. Díxose del que morreu nas mans da Garda Civil por non se retirar a tempo, como "El Vivillo". Este último vía que a falla de comunicacións rápidas era a mellor coartada dos bandoleiros. Ó se inventar a telegrafía porfío, as autoridades tiñan pronto

coñecemento dos asaltos e doutras tropelías, e era máis difícil a fuxida dos bandoleiros. Iso deu pé ó "El Vivillo" para dicir: "A nós matounos o arame". E tomou a decisión de deixa-lo bandolerismo e meterse a picador de touros, pois nas prazas non hai máis teléfono que o da Presidencia, para dar ordes ós que están na área.

CADERNO CUARTO

O viaxeiro dispónse a cruza-la famosa Costa del Sol malagueña, deixando a cidade de Málaga. É unha lástima que Silva non chegase antes a esta cidade onde se celebra con grande esplendor a Semana Santa, a sona da cal non desmerece da que se conmemora en Sevilla, Granada ou Córdoba. Antonio Burgos, o coñecido escritor sevillano, conta no seu libro "Andalucía ¿tercer mundo?", que no paso do Cristo da Sentencia, da cofradía sevillana da Macarena, figura unha escultura de Pilatos. En certa ocasión, un forasteiro asistente á procesión, preguntou quen era aquel que pasaba, referíndose a Pilatos, e contestáronlle: "Ese, ¿quen vai ser? Pilatos, que por pouco déixanos, o fillo da gran puta, sen Semana Santa". Despois de Torremolinos e Fuengirola, Silva chega a Marbella.

"Fáltanme palabras para expresar todo canto de beleza hai en Marbella. Aínda que, iso si, é un mundo para xente de diñeiro. Que disfrútao a xente de diñeiro".

Unha forma de contacto do camiñante con Ferrol, para falar coa organización da viaxe, é a través de radioaficionados, que seguen a viaxe comunicándose entre eles. Por medio de Paco, un bo amigo de Marbella, contacta con diferentes persoas.

"O Paco indica que enlazou cun "radio" de Vigo. E logo consigo falar con xente de Navarra, Valencia, Madrid e Ferrol. É unha emoción indescribible que me fai poner a pel de galiña".

En Estepona recíbeo o alcalde que lle escribe unha dedicatoria no seu diario. Entra xa na provincia de Cádiz, da que hai que citar dous datos non moi coñecidos: na serra de Grazalema, atópase a zona de España con máis índice de chuvia anual. No pobo de Ubrique, dise que as mulleres traballan encoiro. Claro que é unha verdade a medias: na industria do coiro.

"O entrar na provincia de Cádiz, a xeografía vaise trocando, e as urbanizacións van deixando paso a montes da baixa vexetación, onde se olla o gando vacuno en completa liberdade, que, cos seus becerros, protéxese do sol debaixo das árbores que hai nas inmediacións".

Vai inicia-la entrada en territorio non español.

"Chego ó Peñón de Gibraltar e sobrecólleme unha rara sensación, quizabes debida ó temor de entrar nun lugar onde non entendes cousa e sínteste realmente só. Temor que se disipa en parte ó me presentar na aduana, xa que as autoridades españolas néganme o paso por non levar pasaporte. Despois de varias conversas, entrego o paquete de propaganda a un policía inglés, que escoita atentamente as miñas explicacións e dime que virá alguén do protocolo para recolle-las publicacións. Pouco despois entro no Peñón e fago unhas fotografías. Gibraltar é coma un gran murallón rocoso que está habitado pola súa base, fronte á baía de Algeciras. A poboación fala inglés e español. É un pobo "apretado" no espacio".

Da súa visita ó Peñón garda un recordo no seu diario. A policía inglesa ponlle un selo coa data, e a seguinte inscrición:

"This is to certify that Manuel Silva Pereira has visited Gibraltar on 4/6/87".

A esta altura da viaxe hai que facer mención das etapas que fai o viaxeiro nestes días, en canto ó kilometraxe: 45, 26, 40, 26, 23, 48, 29 Kms. Non é de estrañar que ós poucos días chegue a Vejer, despois de pasar por Tarifa, Zahara de los Atunes (lugar onde naceu o toureiro Paquirri) e Barbate. Preto queda o pobo de Casas Viejas, que se fixo famoso na Segunda República, por uns sangrentos sucesos que ocorreron alí. De Vejer di:

"Hai unha praza con fonte, na que hai catro ras ben dispostas, de cerámica, dentro do foso, e un pilar cadrangular, con formas esculpidas e diversas cores. As rúas son costaneiras e estreitas, coma en case toda Andalucía para empecer que o sol penetre nelas, e están frescas".

Segue ata Conil, onde remata a Costa del Sol e empeza a Costa de la Luz. E de aquí a Cádiz.

"Esta cidade posúe fermosos monumentos. O dedicado ás Cortes de Cádiz, o gran teatro Falla, a catedral, a Puerta de la Tierra... símbolos dunha cidade con moita historia".

E así é: foi fundada polos fenicios o ano 1.100 a.C. O turco Barbarroja e o corsario inglés Drake, tentaron saquea-la cidade, o derradeiro deles con éxito. O tenente de alcalde de Cádiz faille unha dedicatoria: "Impresiona pensar que a fe e o esforzo dunha persoa dea lugar a unha fazaña destas características". Cádiz é unha cidade agradable, cunha xente moi peculiar. Aínda é posible ser testemuño de situacións coma esta. O narrador desta viaxe, colaborador de Manolo Silva, presenciou en certa ocasión como un gardia urbano se dispoñía a impoñerlle unha multa a un automobilista. Xa co bloch na man, mentres escribía a denuncia, o urbano dicíalle ó infractor: "... e dea vostede gracias a Deus porque eu non son resentido. Pero o que ma fai, págama". O viaxeiro segue viaxe a Jerez e a Los Palacios.

"¿Como fun capaz de percorre-la distancia que separa Jerez de Los Palacios de Villafranca? Nada menos que 73 Kms. e doce horas de camiñata. E non por pracer, senón por non atopar ningún lugar onde pasa-la noite. (...) Ó pasar polo cruce que leva a Utrera, vin sobresaíndo duns outeiros, catro torres dunha especie de catedral".

O viaxeiro estase a referir ó pobo de El Palmar de Troya, que colleu notoriedade polo seguinte: un tal Clemente, afirmou anos atrás, que se lle apareceu a Virxe e que lle encargou que fundase a Orde Carmelita da Santa Faz. Trouxo un bispo vietnamita chamado Martín Ngo-Dinh Thuc que empezou a ordenar bispos "full" e "light" a oito. A cousa findou coma o rosario da aurora: foron denunciados no Xuzgado de Instrucción de Utrera, e excomulgados pola Igrexa Católica, tendo que emigrar toda a Congregación a Francia. O cantante Carlos Cano, no seu disco "A la luz de los cantares", dedica unha canción ó "Milagro del Palmar", que di: "Clemente, no te quedes con la gente; Clemente con la copla se quedó".

O viaxeiro chega a Sevilla. Desta excepcional cidade, tan extraordinariamente rica en alicientes, limitarémonos a cita-lo que dela di Silva.

"Chego ó centro a través do parque de María Luisa. Algo digno de admirar e de pasear entre as súas fermosas arboredas e ben coidados xardíns. Vexo o Guadalquivir, a universidade pontificia, a Torre del Oro (lugar onde descargaban o ouro e a prata os barcos procedentes de América), a praza de touros da Maestranza e a famosa Ponte de Triana, ou de Isabel II".

Coñece a Antonio, un "espía" que o seguirá días atrás para comprobar se era certo o da volta a España a pé, quen lle indica que se saíu da rota ó visitar Gibraltar. Nesta cidade vai quedar catro días, o primeiro e único acougo longo de toda a viaxe. Esta é a súa opinión sobre o seu estado de ánimo e as súas sensacións, despois de recorrer durante cen días polas estradas en completa soedade:

"A cidade cánsame e esgótame psicolóxicamente moito máis ca un día normal de marcha. Quizais se deba a que isto móvese moi rápido, chegando a marearme a sucesión de imaxes a tal velocidade, producíndome, xa que logo, unha sensación de afogo ó me atopar nun torbeliño que non encaixa en absoluto coa miña personalidade e co meu xeito de comportamento".

Sevilla é unha cidade dividida: polos equipos de fútbol (hinchas do Betis e do Sevilla), polos touros (seguidores de Curro Romero ou de Rafael de Paula) e ata polo seu fervor relixioso. O xa citado escritor sevillano Antonio Burgos, di, no libro ó que xa nos referimos, que hai unha paixón tal pola Virxe da Macarena e pola de Triana, ou da Esperanza, que produce unha rivalidade sumamente esperpéntica. Conta este autor que non é difícil encontrar discusións, entre devotos dunha e doutra Virxe, que rematan con comentarios tales coma este: "Tu Virgen es una p... La mía sí que es cojonuda".

O secretario particular do alcalde da cidade recibe a Silva, dedicándolle unhas frases de apoio, que escribe no seu diario. O mesmo ocorre no Lar Galego. Admira a Giralda, unha das torres máis belas do mundo, de 97 mts. de altura.

"A Giralda, coa catedral, forma un conxunto fermosísimo, repleto de figuras nos pórticos ou nas portas e columnas. Ó redor hai belas edificacións nunha cidade co enreixado de rúas típicamente árabes, coma en moitos lugares de Andalucía. Se sumámo-la multitude de tradicións folclóricas e místicas, todo iso fai desta cidade un lugar maravilloso".

Por fin o peregrino reemprende a marcha en dirección a Extremadura, pasando antes por parte da provincia de Huelva.

"Coa miña entrada en Huelva soamente me quedará por pisar unha provincia do litoral, Gerona. (...) Chego á Fuente de Cantos, lugar de nacemento dun famoso pintor: Zurbarán, fillo dunha lavandeira e dun capador de ranchos".

Coa súa chegada a este pobo, o camiñante fixo a súa entrada na rexión de EXTREMADURA. Este nome, que significa "máis ala do Douro", designaba durante a Reconquista os territorios que se encontraban ó sur do devandito río, que era a fronteira cristiá. Terra de conquistadores (Hernán Cortés, Pizarro, Orellana, Núñez de Balboa, Pedro de Valdivia) non soubo conquistar deica hoxe a gran parte dos restantes españois, nembargante os seus innumerables engados. Cáceres, unha cidade na que cada pedra é unha maravilla; o mosteiro de Guadalupe, histórico monumento; a romana Mérida; a capital Badajoz; os incomparables pobos de Zafra e Trujillo; os seus abondosos pantanos, con fermosas paisaxes arredor; Montánchez, cos seus vinos e embutidos, etc.

Silva chega a Zafra, importante e monumental pobo.

"Zafra recolle as maravillas que posúe nas súas igrexas e nalgúns edificios históricos, coma o parador de Turismo, antigamente alcázar, residencia dos que serían duques de Feria; o palacio de Xusticia, século XIII, e a "vara de medir", gravada nas columnas; a fachada do hospital de Santiago; a Colexiata, rematada en 1.546..., auténticas belezas artísticas encerra esta pequena cidade e moita historia ó longo dos séculos (...) É maravilloso o que chegan a crea-los homes".

Santa Marta, Badajoz, e Cáceres son as seguintes etapas. Débese ter en conta que recorre a distancia entre estas dúas cidades ¡nun só día! 92 Km. Sae de Badajoz pasada-las cinco da maná e chega a Cáceres de noite, soportando unha calor abáfante, despois dunha pausa para xantar.

"Por iso lle chaman a esta rexión Extremadura. ¡É estremadamente dura! ¡Moita calor! ¡Grandes zonas deshabitadas! ¡Unha etapa coma esta non a volverei a facer xamais!!!!".

Recíbeo o alcalde de Cáceres, que lle anota unha dedicatoria no seu diario. O barrio monumental que posúe esta cidade quizais sexa o máis fermoso de toda España. O peregrino, tralo palizón de 92 Kms. e de aturar altas temperaturas, ve chover na capital cacereña.

"Ver chover nesta terra era para min unha utopía, que se fixo realidade sobre as sete da serán. Unha tormenta descargou sobre a terra, sen baixa-la temperatura, saíndo un fumazo do chan sedente ¡Que agradable ver caer a auga onde fai tanta calor!".

Castelao, en "Sempre en Galiza", faise esta pregunta durante o seu desterro en Badajoz: "¿Que diferenza hai entre un país agrícola que laboura con bois e vacas e outro que ten por motores de sangue o burro e a mula?" O peregrino continúa a viaxe.

"Quedan trinta días de viaxe e, en principio, non penso facer etapas que pasen dos 50 Kms. Coido que podemos logra-lo obxectivo que custa moitas sudas. Onte en Cáceres superáronse os 40 grados. Suando ou non, tentaremos de chegar ata o final. Coido que somos merecentes dun bo final, coma nas películas".

O acolledor e afable carácter dos extremeños, maniféstaselle á súa chegada a Plasencia, onde se lle fai un recibimento dos mellores de toda a viaxe.

"Estábanme agardando o alcalde e o concellal de Cultura e varios concellais; así como prensa e radio, alegrándome polo recibimento tan cordial que me dispensan. A charla prolóngase abondo, xa que senten curiosidade por moitos aspectos da viaxe, sobre todo polo estado dos meus pés. Despois fanme unha entrevista de tres cuartos de hora dous periodistas de Antena-3 e do Diario de Extremadura".

Tales agasallos son correspondidos por Silva, que escribe no seu diario estas palabras sobre Plasencia.

"Bos edificios e construcións con escudos nas súas paredes, con títulos nobiliarios dunhas xentes que se afincaron nesta cidade hai oitocentos anos, e cunha catedral que presenta tres estilos diferentes. Xentes ledas que dan vida a unha cidade, evidentemente fermosa".

O camiñante prosegue a súa viaxe en dirección a Salamanca, berce do saber.

"A terra vaise trocando. Tórnase máis húmida, e algúns regueiros levan auga. Algún prado está verde, e ademáis, as vagoadas das montañas (Serra de Gredos) aparecen sementadas de casas. Segue habendo gando a pacer nas fincas".

O peregrino entra na Comunidade Autónoma de CASTELA-LEON. Os seus lindes naturais están formados polos montes de León, a Cordilleira Cantábrica, o Sistema Ibérico e a Cordilleira Central. Esta zona de España está inzada de arte, de historia e de excelentes lugares. A pesar da súa unidade administrativa, a súa gran variedade é sorprendente.

O viaxeiro chega a Béjar, provincia de Salamanca.

"Béjar, cidade no cume dun monte, cunha muralla que a protexe, e o Alcázar, forma un conxunto digno de ver. As súas rúas, estreitas e costaneiras, dan estilo a esta cidade famosa pola fabricación de bos panos, e coa praza de touros máis antiga de España, segundo me informa o secretario do Concello".

En relación a este último dato, convén lembrar que no pobo manchego de Virtudes, preto de Valdepeñas e de Santa Cruz de Mudela, existe unha praza de touros cadrada, que data de 1.641. Pero o director do Museo Taurino de Ronda, afirma que esta é a máis antiga. Se alguén se lle dirixe para correxirle esta afirmación, en favor da de Virtudes, contesta de xeito airado, negándoo e sen aportar ningunha proba, como lle sucedeu ó que esto escribe. Atópase cun compañeiro da "mili" no pobo de Beleña, ó pasar por este lugar Manolo Silva.

"Julio Domínguez, ó me recoñecer na estrada, báixase do tractor e chámame polo meu nome, ó que respondo cun saúdo, cordial aperta de mans e facendo un alto no camiño para refresca-la gorxa, falar con este amigo e lembra-lo "duro" que fora aquela época".

Poucas horas máis tarde chega a Salamanca. Dela dixo George Borrow: "¡Que espléndido lugar! Qué soberbias as súas igrexas, qué estupendos os seus conventos, e con qué sublime pero austera grandeza os seus enormes e ruinosos muros, miran ó maino río e á súa ponte venerable". E o soviético Iliá Ehrenburg comentou: Salamanca é axitada e señorial. Os "jotas" e os "erres" aquí resoan coma berros guerreiros. A Universidade desta cidade é tan espléndida arquitectónicamente, que non se esplica un como se pode estudar alí patoloxía ou dereito civil. Si, Salamanca é a cidade dos poetas".

CADERNO QUINTO

"Comezo un novo mes, restando días a tan longo período de tempo. É tempo de recoller, de recoller os froitos de tan longa temporada de semente. É, polo tanto, a hora de ir analizando os resultados de tantos desvelos e preocupacións, de tantos Kms. percorridos por unha terra que é España e un anaco de Gibraltar. É tempo de chegar ó remate e ollar atrás, dende a túa casa, dende a calor do fogar, dende o amor dos teus.

Restan vinteseite días para chegar ó final de tan longa viaxe. Comeza a conta atrás, con ánimo, con azos para logralo, con desexos enormes de estar cos meus, de ver os seus surrisos, incluso as súas bágoas, esta vez de felicidade, deixando atrás tempos amargos.

É esta unha longa proba coa que me identifiquei ós poucos días de emprendela; e agora, tan lonxe do comezo e tan preto do final, ríome e métome de cheo, en corpo e alma, para remátalo con máis gañas, se cabe, dende a miña sinxela e humilde condición de atleta".

Sae o andarín de Salamanca agradecido enormemente pola compañía que lle brindaron nesta cidade os seus amigos Julio e Garby. Nun só día chega a Zamora, despois de 62 Kms. Esta é coñecida por "Museo do románico". Importante é a catedral e as celebracións de Semana Santa. En Zamora descansa dous días e logo segue cara Tábara, Mombuey e Puebla de Sanabria.

"Este é un lugar precioso, cos seus vals regados polo río Tera. Este pobo encontrase no alto dun monte, coroado por un castelo construído a mediados do século XV".

Ante o inmediato de voltar a pisar novamente, despois de catro mil Kms., chan galego, fai as seguintes reflexións: "Quedan poucas horas para empezar a descubrir cal foi a magnitude da nosa marcha por estes camiños de España e Gibraltar; para descubrir ata onde mereceron realmente a pena tamaños esforzos ó tentar levar a cabo tal paseo, paseando o nome de Galicia polo litoral español".

O día seguinte, 9 de Xullo, entra en Galicia, tras atravesalo túnel de La Canda. Son as dez da mañá e o andarín diríxese cara A Gudiña. GALICIA, é desas insólitas terras onde o alleo atopa de todo. As súas extraordinarias costas, as rías e as paisaxes excepcionais. A súa gastronomía, co marisco e o peixe á cabeza, é excelente. Os seus montes dan lugar a panorámicas únicas. O enorme tesouro artístico que atesoura, con infinidade de mosteiros, igrexas e a monumental Compostela, etc. fan desta terra un lugar ategado de estímulos tanto para o visitante coma para os seus habitantes. O viaxeiro chega ó pobo de Pereiro, onde entra nun bar para chamar por teléfono, e o dono recoñéceo.

"— Bos días.

— Bos días. ¿Que lle sirvo?

— Unha botella grande de auga, e quereda chamar por teléfono.

— O teléfono téño ai, pero:... ¡vai moi lixeiro despois de tantos Kms.! ¿Non?

— ¡Ah!. Pero ¿sabe quen son?

— ¿Como non vou a sabelo? Levamos tempo seguindo a súa viaxe, pero paréceme increíble.

— Increíble será pero xa estou outra vez na casa.

— Si, iso é certo. Que teña sorte e boa viaxe.

— Graciñas".

O peregrino colle máis folgos e continúa viaxe ata Verín. Hai que sulñar que, neste pobo, e máis concretamente en Laza, a 16 Km., celébrase con gran esplendor o entroido. A figura do "Piliqueiro" é o personaxe central: viste calzón curto con borlas de cores, chaquetiña, e leva unhas grandes chocas penduradas da cintura, e a cara cubería cunha máscara e coroada cunha a modo de mitra. É un entroido realmente orixinal e extraordinario, que vale a pena de ver. Verín é un pobo

grande que ten unha pequena maravilla: o castelo de Monterrei. Ten as famosas augas termais de Fontenova, Cabreiroá e Sosas. Dende aquí o andarín diríxese a Xinzo de Limia, que se encontra a carón da lagoa de Antela. Xa camiño de Ourense, recibe unha sorpresa.

"Reempredo a marcha, e a sorpresa agradable que recibo dama o conductor dun Mercedes cor azul que, a media velocidade, fai soar a bucina e detéñome. Pregúntame de onde son, dicindo o meu nome, e saudámonos. Chámase Carmelo. Recolleu a mensaxe do Salvador, o de Ferrol, que emitiu por radio onte, e decidiu contactar comigo, cousa que conseguíu no Km. 421 da estrada Nacional 525.

¡É tan agradable sentirse axudado!".

Chega a Ourense, "A cidade das Burgas", que son unhas fontes termais cunha temperatura de 65 grados centígrados. O viaxeiro que chegue a esta cidade, tamén ten a posibilidade de realizar unha interesante excursión ó mosteiro de Ribas de Sil, e ó desfiladeiro do dito río. Silva empeza a ser agasallado.

"A xente á que vou presentado veme, segundo semella, coma algo extraordinario, increíble... o que me afalaga e satisfai. Pero cústame trabado o me adaptar a este novo ritmo. A cidade imprime demasiada velocidade ás súas actividades e eu ¡non estou afeito!".

Recíbeo o alcalde de Ourense, que saúdao con gran hospitalidade. Ten, logo, unha conversa co seu amigo Gonzalo.

"Ademáis de ser un home polifacético, Gonzalo é unha persoa á que me asemello en varios aspectos. A conversa trata sobre o comportamento do individuo en diferentes situacións. (...) Dime, ó falarme do caso dunha persoa vítima dun accidente, que o home, para vivir e levar a cabo grandes esforzos, ten mester de grandes doses de imaxinación; ter un cerebro capaz de soñar, sen chegar a agota-los recursos ós que, moitas veces, hai que recorrer. Foi unha conversa moi interesante".

O peregrino segue a súa viaxe ata O Carballiño. Preto deste pobo atópase o famoso mosteiro de Oseira, fundado na primeira metade do século XII por Alfonso VII, e coñecido como "Escorial galego". Continúa a súa viaxe por Cerdedo e chega a Pontevedra, que —segundo o refrán— "é boa vila, dá de beber a quen pasa, na fonte da Ferrería e San Bartolomeu na praza".

Este pobo-cidade é unha auténtica xoia, cun clima privilexiado, e uns arredores únicos. No próximo pobo de Cangas, ata hai poucos anos, eran contratadas para asistiren ós enterros as coñecidas carpideiras, que, cos seus berros de dor e as súas bágoas (previo pago), encargábanse de "ambientar" os actos fúnebres.

"É tal a fermosura de certos lugares, tales coma os desta cidade, que é coma se se tratara dun soño".

Sen embargo o traballo foi duro durante estos case cinco meses.

"Esta volta a España custou máis do que ninguén chegará a saber xamáis, xa que nunca poderei chegar a explica-los sucesos e experiencias tal e como os vivín ó longo deste período de tempo, que me vin só na estrada".

A seguinte etapa do viaxeiro é Padrón, pasando primeiro por Caldas de Reis. En Padrón viviu e morreu Rosalía Castro de Murguía, onde se pode admira-la súa casa-museo. Famosos son os seus pimentos. Famoso igualmente é o pobo Iría Flavia, onde naceu Camilo José Cela. Preto deste pobo, en Ponte Ulla, pódese admira-lo Pazo de Oca, chamado o "Versalles de Galicia". Unha auténtica maravilla. Próximo a el está o pazo de Ribadulla, con extraordinarios xardíns con árbores de ata 400 anos, únicos en Europa. Quen escribe isto visitounos servíndolle de guía un rapaz de nove anos neto do ex-xeneral Armada, coñecido golpista da intentona do 23-F de 1.981, e propietario do pazo. Este rapaz era un auténtico modelo de gracia, educación, amenidade e cortesía. Só por ter un cicerone tan excelente vale a pena (se se encontra el) a visita ó pazo.

O andarín chega a Santiago de Compostela. Omitimos toda referencia a esta cidade tan monumental e tan fermosa para abrevia-lo relato. O alcalde da cidade faille esta dedicatoria.

"Tiven a oportunidade de coincidir na Praza do Obradoiro (sede do Palacio Raxoi) con Manuel Silva, escoltando ámbolos dous a Obertura "A Forza do destino", de Giuseppe Verdi".

Camiño de A Coruña, a xente recoñéceo en Ordes.

Recoñécenme algunhas persoas e saen á rúa para verme, máis non tentan de me falar, cousa natural no paisano da nosa terra, que é tímido mentres non ten confianza. Saíndo de Ordes atópome coa segunda sorpresa da xornada, e esta dama un dos meus irmáns, Ramón, que reside na Coruña e acompáñame un anaco. Asímbra-se de que poida manter unha marcha tan rápida, e, ó mesmo tempo, que fale coma se nada".

O día 24 de Xullo chega Silva á Coruña. As descripcións dos lugares xa non teñen importancia. O fundamental é a chegada a Ferrol, á súa Feira de Mostras, onde será obxecto dunha gran acollida. Por iso o paso pola cidade coruñesa é fugaz. O 25 de Xullo sae en dirección a Pontesdeume.

"Neste pobo agárdame Brufau, organizador da viaxe, e a súa dona. Rebordo coa ledicia. Por primeira vez, contacto con xente que traballou ó meu carón e que sabe canto me custou isto. No concello somos recibidos pola Corporación Municipal, presidida polo alcalde, que me fai entrega dunha placa para celebrar e conmemorar un feito que xa é realidade. Están presentes tamén xornalistas de La Voz de Galicia, que fan unha reportaxe".

E chega o día 26 de Xullo de 1.987. Coa etapa Pontesdeume-Ferrol, vai remata-la viaxe, despois de 148 días e máis de 4.500 Kms. O peregrino non fai ningunha anotación da viaxe deste día, e no seu diario aparecen dedicatorias do alcalde de Fene, do delegado de turismo da Coruña, do alcalde de Ferrol, etc. A noite anterior, Manolo Silva anotara no seu diario:

"Dedicóme a pasar estas notas agardando que pase o tempo, para encontrarme e meterme de cheo no día 148 de viaxe, dando remate (feliz remate) á nosa volta a España a pé".

Ata o derradeiro intre o camiñante emprega o plural, coa xenerosidade dos SEUS esforzos, que tenta compartir con outros.

E fala de remate feliz. Gran remate, excelente remate, mellor có que fixo Marcelino de cabeza marcándolle a Rusia un gol proclamando a España campeona europea de seleccións nacionais de fútbol en 1.964.

Tal fazaña é merecedora de ocupar un alto lugar entre as historias dos grandes logros. Por iso Manolo Silva ten méritos, polo menos, para que as súas experiencias, aquí reflexadas, sexan lidas polo maior número posible de persoas.

O día 26 de Xullo fai a súa entrada no recinto da Feira de Mostras, que instalou un stand para a celebración do "Día de Guitiriz". Do pobo de Silva acuden un gran número de persoas, convocadas por Xermolos, amáis das que hai no lugar. O recibimento é apoteósico, con ovacións, apertas, unha que outra bágoa, e o protagonista desta fazaña é vitoreado polo gran número de xentes que acudiron alí.

Manolo Silva acadou, por fin, ver cumprida a súa xesta. El, viaxeiro con rumbo seguro, é verdadeiramente merecedor do poema de Celso Emilio Ferreiro, o gran poeta de Celanova, que cerra estas páxinas.

O CAMIÑANTE

Unha tarde o camiñante
atopouse cun gran bosque
de cemento onde bulían
formigueiros de automóbiles.

Non sabía o camiñante
cál era o sul, cál o norde,
cál era o tempo i a data,
nin si era oxe, nin si era onte.

Só sabía o camiñante
que chegara triste e probe,
que a patria i a mocidade
quedaran atrás e lonxe.
Olladas cuadrículadas,

rúas con estranos nomes,
despiadadas voces, bruídos
e madrugadas insomnes.

O camiñante matina
que ven perdido e non pode
atopar o seu camiño
no laberinto da noite.

Los hombres van por el mundo
cada cual con su horizonte:
unos con rumbo seguro
y otros paonde el viento sople.

(Celso Emilio Ferreiro)

BIBLIOGRAFÍA

Na elaboración desta Volta a España a pé foron consultado-los seguintes libros:

- "Losonautas de la cosmopista", de Julio Cortázar y Carol Dunlop.
- Guía turística de España "Michélin".
- "España, República de trabajadores", de Iliá Ehrenburg.
- "La Biblia en España", de George Borrow.
- "Al sur de Granada", de Gerald Brenan.
- Enciclopedia Larousse.
- "Guía artística de España", editorial Everest.
- "Gárgoris y Habidis", de Fernando Sánchez Dragó.
- "España turística", de Editorial Everest.
- "Guía de fiestas populares", de M.^a de los Angeles Sánchez.
- "Diccionario secreto", de Camilo José Cela.
- "Guía de la España mágica", de Juan G. Atienza.
- "Viajes por España", elección de José García Mercadal.
- "Andalucía, ¿tercer mundo?", de Antonio Burgos.
- "La insólita y gloriosa hazaña del Cipote de Archidona", de C.J. Cela.
- "El libro de los bandoleros", de José M.^a Tavera.
- "Don Quijote de la Mancha", de Miguel de Cervantes Saavedra.
- "Sobre casi todo", de Julio Camba.
- "Las gafas del diablo", de Wenceslao Fernández Flórez.
- "Sempre en Galiza", de Castelao.
- "El Bierzo", de Luis Pastrana.
- "Galicia enteira", de Xosé Luis Laredo Verdejo.

- "Obra completa", de Celso Emilio Ferreiro.
- "Na miña aldea", de "O fidalgo de Monterrei".

E a fundamental aportación do diario en cinco cadernos escritos por Manuel Silva, sen o cal este traballo non se houbera podido realizar.

CENTROS GALEGOS A VISITAR

CENTRO GALEGO DE GIJON

C/. Jerónimo González, 2 entresuelo
GIJON

CENTRO GALEGO

C/. Hernán Cortés, 47 bajo
39003 SANTANDER

CASA DE GALICIA

Jardines, 7-2.º
48005 BILBAO

CENTRO GALEGO

San Isidro, s/n.
ERMUA (Vizcaya)

CASA CULTURAL DE GALIZA

Polígono Residencial de Urasandia
Plaza de Galiza, 12 bajo
ELGOIBAR (Guipúzcoa)

CASA DE GALICIA EN GUIPÚZCOA

C/. Fabaleta, 28
20002 SAN SEBASTIAN

LAR GALEGO

San Fermín, 4
31002 PAMPLONA

CENTRO CALEGO

Santa Inés, 2 bajos
50003 ZARAGOZA

CENTRO GALEGO

Alcalde Costa, 1-1.º-1.ª
25002 LÉRIDA

CENTRO GALEGO

Rambla de Capuchinos, 35-37 principal
08002 BARCELONA

CENTRO GALEGO DE TARRAGONA

Fray Antonio Carbona y Grau, bloque A-1 bajos
43002 TARRAGONA

CENTRO GALEGO

Donoso Cortés, 8
46005 VALENCIA

CENTRO GALEGO

Bendeja, 23
29001 MALAGA

CASA DE GALICIA

Plaza de San Juan de Dios
11005 CÁDIZ

LAR GALEGO DE SEVILLA

Itálica, 1
41001 SEVILLA

CENTRO GALEGO DE SALAMANCA

Padre de las Casas, 20-28 Ent.
37002 SALAMANCA

CONCELLOS A VISITAR

MIÑO.	VINAROS.
BETANZOS.	TORRE BLANCA.
GUITIRIZ.	CASTELLÓN DE LA PLANA.
LUGO.	SAGUNTO.
MEIRA.	VALENCIA.
VEGADEO.	CULLERA.
CASTROPOL.	GANDÍA.
NAVIA.	BENIDORM.
LUARCA.	ALICANTE.
GRADO.	TORREVIEJA.
OVIEDO.	SAN JAVIER.
GIJON.	CARTAGENA.
VILLAVICIOSA.	MAZARRON.
RIBADESELLA.	ÁGUILAS.
LLANES.	VERA.
SAN VICENTE DE LA BARQUERA.	NIJAR.
COMILLAS.	ALMERÍA.
SANTI LLANA.	ADRA.
SANTANDER.	MOTRIL
LAREDO.	VELEZ-MALAGA.
CASTRO URDIALES.	MALAGA.
BILBAO.	TORREMOLINOS.
AMOREBIETA.	MARBELLA.
ERMUA.	ESTEPONA.
ELGOIBAR.	SAN ROQUE.
ZARAUZ.	CÁDIZ.
SAN SEBASTIAN.	SEVILLA.
TOLOSA.	ZAFRA.
PAMPLONA.	BADAJOS.
TAFALLA.	CACERES.

TUDELA.	PLASENCIA.
ALAGON.	BEJAR.
ZARAGOZA.	SALAMANCA.
FRAGA.	ZAMORA.
LÉRIDA.	POBOA DE SANABRIA.
CERVERA.	VERIN.
IGUALADA.	XINZO DE LIMIA.
MARTORELL.	OURENSE.
BARCELONA.	PONTEVEDRA.
TARRAGONA.	SANTIAGO.
AM POSTA.	A CORUÑA.

SAIDA DE FERROL

ETAPAS	CIDADES	DÍAS EMPRECADOS
1	Miño	1 de MARZO
3	Lugo	2, 3 y 4 de MARZO
3	Castropol	5, 6 y 7 de MARZO
2	Lúa rea	8 y 9 de MARZO
4	Oviedo	10, 11, 12 y 13 de MARZO
1	Gijón	14 de MARZO
3	Ribadesella	15, 16 y 17 de MARZO
5	Santander	18, 19, 20, 21 y 22 de MARZO
4 (+ 1)	Bilbao	23, 24, 25 , 26 de MARZO
4	San Sebastián	28, 29, 30 y 31 de MARZO
3	Pamplona	1, 2 y 3 de ABRIL
6(+ 1)	Zaragoza	4 , 5, 6, 7, 8, 9 y 10 de ABRIL
5	Lérida	11, 12, 13, 14 y 15 de ABRIL
6(+1)	Barcelona	16, 17, 18, 19, 20 y 21 de ABRIL
3	Tarragona	23, 24 y 25 de ABRIL
7	Castellón de la Plana	26,27,28, 29 y 30 ABRIL, 1 y 2 MAIO
2	Valencia	3 y 4 de MAIO
7	Alicante	5, 6, 7, 8, 9 y 10 de MAIO
4	Cartagena	12, 13, 14 y 15 de MAIO
8	Almería	16, 17, 18, 19, 20, 21, 22 y 23 MAIO
7	Málaga	24, 25, 26, 27, 28, 29 y 30 de MAIO
10	Cádiz	31 MAIO, 1,2,3,4,5,6,7,8, 9 , de XUÑO
5(+1)	Sevilla	10,11,12, 13,14 y 15 de XUÑO
7	Badajoz	16, 17, 18, 19, 20, 21 y 22 de XUÑO
3	Cáceres	23, 24 y 25 de XUÑO
7(+ 1)	Salamanca	26,27,28,29,30 XUÑO, 1, 2 ,3 XULLO
2	Zamora	4 y 5 de XULLO
10 (+ 1)	Ourense	6,7,8,9,10,11,12,13,14,15 de XULLO
4	Pontevedra	17, 18, 19 y 20 de XULLO
4	A Coruña	21,22, 23 y 24 de XULLO
2	Ferrol	25 y 26 de XULLO

NOTA: As datas en negrita, eran as previstas para a chegada á capital de provincia

ITINERARIO E KILÓMETROS APROXIMADOS

	KMS.	CARRETERA
Ferrol - Betanzos	40	N-VI
Betanzos-Lugo	73	N-VI
Lugo-Vegadeo	80	N-640
Vegadeo-Navia	40	N-634
Navia-Luarca	21	N-634
Luarca - Canero	10	N-634
Cañero - La Espina - Grado - Oviedo	91	N-634
Oviedo - Gijón	27	N-630
Gijón-Villaviciosa	48	N-632
Villaviciosa - Ribadesella	42	N-632
Ribadesella - San Vicente de la Barquera	67	N-634
S. Vicente de la Barquera - Comillas - Santularia - Santander	72	C-6316 - N-611
Santander - Laredo - Castro Urdiales - Bilbao	112	N-632
Bilbao - Amorebieta - Deva - Zarauz - San Sebastián	118	N-634

San Sebastián - Tolosa - Pamplona	88	N-I - N - 240
Pamplona - Tafalla - Tudela - Zaragoza	176	N-121
Zaragoza - Alfajarín - Peñalba - Fraga - Lérida	143	N-II
Lérida - Cervera - Igualada - Barcelona	162	N-II
Barcelona - Tarragona	97	N-340
Tarragona - Castellón de la Plana	194	N-340
Castellón de la Plana - Valencia	67	N-340
Valencia - Silla - Gandía - Benidorm - Alicante.....	190	N-332
Alicante - Torrevieja - La Unión - Cartagena	108	N-332
Cartagena - Mazarrón - Águilas - Cuevas de Almanzora - Vera	135	N-332
Vera - Sorbas - Tabernas - Huerca - Almería.....	95	N-340
Almería - Batanegra - Motril - Nerja - Málaga	220	N-340
Málaga-Marbella-San Roque-Gibraltar-Tarifa-Cádiz.....	310	N-340
Cádiz - Puerto de Santa María - Jerez de la Frontera - Sevilla	148	N-340 - N - IV
SEVILLA-FUENTE DE CANTOS-ZAFRA-BADAJOS	218	N-630 - N -432
Badajoz - Roca de la Sierra - Cáceres.....	92	N-523
Cáceres - Plasencia - Béjar - Salamanca	213	N-630
Salamanca - Zamora.....	62	N-630
Zamora - Puebla de Sanabria - Verín - Gínzoo de úmia - Ourense	281	N-525
Ourense - Barbantes - Carballiño - Cerdedo - Pontevedra	102	N-541
Pontevedra - Santiago - A Coruña.....	120	N-550
A Coruña-Ferrol.....	55	N-VI
KMS. APROXIMADOS	4.300-4.500	
DÍAS DE VIAJE	150	
PRESUPUESTO POR PERSOA.....	500.000,00 pts.	
NÚMERO DE PERSOAS.....	3	
CUSTO POR KM	116,00 pts. c/u.	
CUSTO DIARIO PERSOA.....	3.480.00 pts./diarias	
RECORRIDO DIARIO APROXIMADO.....	30 Km.	

ÍNDICE

	PÁXINAS
PRÓLOGO	5
RITUAL DAS MIÑAS PERNAS	13
O VIAXEIRO E O SEU ENTORNO	15
NOTA EXPLICATIVA	19
PRIMEIRO CADERNO MANUSCRITO	22
CADERNO SECUNDO	34
CADERNO TERCEIRO	46
CADERNO CUARTO	53
CADERNO QUINTO	63
O CAMIÑANTE	71
BIBLIOGRAFÍA	72
CENTROS GALEGOS A VISITAR	73
CONCELLOS A VISITAR	74
SAÍDA DE FERROL	75
ITINERARIO E KILÓMETROS APROXIMADOS	76

